



PROXECTO·EDUCATIVO

IES·FIN·DO·CAMIÑO

Aprobado en 2018



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

I.E.S. Fin do Camiño

Rúa do Voluntariado, 18
15155 - Fisterra (A Coruña)
Tf - 881 960 528 · Fax - 881 960 534
e-mail - ies.findocamino@edu.xunta.es

SUMARIO

<u>1</u>	<u>Introdución</u>	<u>7</u>
<u>2</u>	<u>Contorna</u>	<u>8</u>
<u>2.1</u>	<u>Datos xeográficos</u>	<u>8</u>
<u>2.1.1</u>	<u>Relevo</u>	<u>8</u>
<u>2.1.2</u>	<u>Climatoloxía</u>	<u>8</u>
<u>2.1.3</u>	<u>Vexetación</u>	<u>9</u>
<u>2.2</u>	<u>Datos históricos e patrimoniais</u>	<u>10</u>
<u>2.3</u>	<u>Análise socioeconómica do Concello de Fisterra</u>	<u>12</u>
<u>2.3.1</u>	<u>Demografía</u>	<u>12</u>
<u>2.3.2</u>	<u>Economía</u>	<u>14</u>
<u>2.3.3</u>	<u>Análise lingüístico</u>	<u>16</u>
<u>3</u>	<u>O centro: sinais de identidade</u>	<u>20</u>
<u>3.1</u>	<u>Valores</u>	<u>20</u>
<u>3.2</u>	<u>Obxectivos</u>	<u>20</u>
<u>3.2.1</u>	<u>Ámbito pedagóxico</u>	<u>20</u>
<u>3.2.2</u>	<u>Ámbito da coordinación docente</u>	<u>21</u>
<u>3.2.3</u>	<u>Ámbito institucional</u>	<u>22</u>
<u>3.2.4</u>	<u>Ámbito administrativo</u>	<u>22</u>
<u>3.2.5</u>	<u>Ámbito da orientación e diversidade</u>	<u>23</u>
<u>3.2.6</u>	<u>Ámbito da normalización lingüística</u>	<u>23</u>
<u>3.3</u>	<u>Prioridades</u>	<u>23</u>
<u>4</u>	<u>O centro: aspectos organizativos</u>	<u>25</u>
<u>4.1</u>	<u>Historia</u>	<u>25</u>
<u>4.1.1</u>	<u>Ficha de identidade</u>	<u>25</u>
<u>4.2</u>	<u>Oferta educativa</u>	<u>26</u>
<u>4.2.1</u>	<u>Programas de innovación educativa</u>	<u>26</u>
<u>4.2.1.1</u>	<u>PLAMBE</u>	<u>26</u>

<u>Cal é a súa finalidade?</u>	26
<u>A quen se dirixe?</u>	26
<u>Como se organiza?</u>	27
<u>4.2.12 PROA - Acompañamento Escolar</u>	28
<u>Cal é a súa finalidade?</u>	28
<u>A quen se dirixe?</u>	28
<u>Cales son os seus obxectivos?</u>	29
<u>Como se organiza?</u>	29
<u>4.2.13 Contrato Programa - Convivencia Escolar</u>	30
<u>Cal é a súa finalidade?</u>	30
<u>A quen se dirixe?</u>	30
<u>Cales son os seus obxectivos?</u>	30
<u>Como se organiza?</u>	30
<u>4.2.14 ApS - FisteraDoa</u>	31
<u>Cal é a súa finalidade?</u>	31
<u>A quen se dirixe?</u>	31
<u>Cales son os seus obxectivos?</u>	31
<u>Como se organiza?</u>	31
<u>4.2.15 Plan Proxecta - QUÉROTE+</u>	32
<u>Cal é a súa finalidade?</u>	32
<u>A quen se dirixe?</u>	32
<u>Cales son os seus obxectivos?</u>	32
<u>Como se organiza?</u>	32
<u>4.2.2 Materias de libre configuración do centro</u>	33
<u>4.2.2.1 Materias optativas de 1º e 2º ESO</u>	33
<u>Xadrez - 1º ESO</u>	33
<u>Intelixencia Emocional e para a Creatividade - 2º ESO</u>	34
<u>4.3 Oferta curricular</u>	35
<u>4.4 Recursos materiais</u>	37
<u>4.4.1 Instalacións</u>	37

4.4.1.1	Planta Baixa.....	38
4.4.1.2	Planta Primeira.....	39
4.4.2	Medios informáticos e audiovisuais.....	39
4.4.2.1	Abalar.....	39
4.4.2.2	Rede.....	40
4.4.2.3	Biblioteca.....	40
4.4.2.4	Aula de Informática.....	40
4.4.2.5	Laboratorio.....	40
4.4.2.6	Aula de Música.....	41
4.4.2.7	Aula de Plástica.....	41
4.4.2.8	Aula de Tecnoloxía.....	41
4.4.2.9	Sala de profesorado.....	41
4.4.2.10	Departamentos didácticos.....	41
4.4.2.11	Administración.....	41
4.4.2.12	Material informático a disposición do profesorado.....	41
4.4.3	Medios económicos.....	42
4.5	Organización dos recursos humanos.....	43
4.5.1	Órganos unipersoais de Goberno.....	43
4.5.2	Órganos colexiados de goberno.....	43
4.5.3	Órganos de coordinación docente.....	44
4.6	Centros adscritos.....	46
4.6.1	Centros de Primaria.....	46
4.6.2	Centros de Secundaria.....	46
4.7	Servizos complementarios.....	47
4.7.1	Transporte escolar.....	47
4.7.2	Cafetería.....	47
5	Concreción curricular.....	49
5.1	Decisións en torno aos obxectivos de etapa.....	49
5.1.1	Obxectivos da ESO.....	49
5.2	Decisións en torno as competencias clave.....	50

5.3 Decisións en torno aos contidos.....	51
5.4 Decisións en torno a metodoloxía.....	51
5.4.1 Estratexias para o alumnado con NEAE.....	52
5.5 Decisións en torno aos elementos transversais.....	53
5.6 Decisións sobre a avaliación, promoción e titulación.....	54
5.6.1 Avaliación.....	54
5.6.1.1 Tipo de avaliación.....	55
5.6.1.2 Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliados.....	55
5.6.1.3 Procedementos de avaliación.....	56
5.6.1.4 Instrumentos de rexistro de avaliación.....	56
5.6.1.5 Criterios de cualificación.....	56
5.6.1.6 Evaluación e materias pendentes.....	57
Materias do curso.....	57
Materias pendentes.....	57
5.6.2 Criterios de promoción.....	57
5.6.2.1 Criterios de promoción con materias suspensas en ESO.....	59
5.6.2.2 criterios de promoción para PMAR.....	60
5.6.2.3 Avaliación final de ESO.....	60
5.6.2.4 Titulación.....	61
5.6.2.5 Información da Avaliación.....	62
5.7 Medidas xerais de atención á diversidade.....	63
5.7.1 Medidas de atención específica.....	64
5.7.1.1 Reforzo educativo.....	64
5.7.1.2 Agrupamentos específicos.....	64
5.7.1.3 Alumnado procedente do estranxeiro.....	65
Medidas de tipo curricular.....	65
Medidas organizativas.....	65
5.7.1.4 Desdobres.....	66
5.7.1.5 Exención lingua galega.....	66
5.7.1.6 Exención Francés.....	66

5.7.1.7	Enriquecemento do currículo.....	67
5.7.1.8	Adaptacións do currículo.....	67
5.7.1.9	Programas de mellora da aprendizaxe e o rendemento.....	68
5.8	Plans específicos para o alumnado repetidor.....	69
5.9	Liñas xerais para a elaboración das programacións didácticas.....	69
6	Interrelación entre sectores da comunidade educativa.....	71
6.1	Coa ANPA.....	71
6.2	Co alumnado.....	71
7	Colaboración con outras institucións.....	72
8	Modificación e difusión do PE.....	73
9	Plans, proxectos e outra documentación.....	75

1 INTRODUCCIÓN

A [Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación \(LOE\)](#), establece:

Os centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro.

No mesmo sentido o [Decreto 324/1996, do 26 de xuño, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria](#) establece no seu artigo 88:

Os centros disporán de autonomía para definir o modelo de xestión organizativa e pedagóxica, que deberá concretarse no proxecto educativo de centro, proxectos curriculares e normas de funcionamento.

O Proxecto Educativo (PE) é un instrumento para a xestión, coherente co contexto escolar, que enumera e define os sinais de identidade do centro, formula os obxectivos que pretende e expresa a estrutura organizativa da institución. A súa función principal é proporcionar un marco global á institución escolar que permita a actuación coordinada e eficaz do equipo docente. Este marco debe estar contextualizado na situación concreta do centro e propoñer solucións á súa problemática específica.

A elaboración do Proxecto Educativo debe considerarse como un proxecto dinámico que facilite a consolidación dos equipos docentes e a xestión do centro.

Os documentos que conforman o Proxecto Educativo son os que se reflicten no [epígrafe 9](#)

2 CONTORNA

2.1 Datos xeográficos

O [Instituto de Ensino Secundario Fin do Camiño](#) atópase situado no concello de Fisterra, capital da comarca do mesmo nome, da que tamén forman parte os concellos de Cee, Corcubión, Dumbria e Muxía. A distancia que o separa da capital da provincia, A Coruña, é de aproximadamente 105Km pola estrada C-552 e a autovía AG-55.

O municipio, cunha extensión de 29,4Km², tiña o 1 de xaneiro de 2016, segundo datos do Instituto Galego de Estatística (IGE), 4737 habitantes, repartidos en catro parroquias: Duio (San Vicenzo), Fisterra (Santa María), San Martiño de Duio (San Martiño) e Sardiñeiro (San Xoán).

2.1.1 RELEVO

O municipio de Fisterra é unha península que, a xeito de tómbolo, penetra no Océano Atlántico. O seu relevo é bastante accidentado, sucedéndose grandes areais —praias do [Rostro](#), de [Arnela](#), [Mar de Fóra](#), [Langosteira](#) e [Sardiñeiro](#)— e abruptos acantilados, como o [Cabo da Nave](#), o [Cabo Fisterra](#) e o monte [Facho](#). O territorio sobre o que se asenta alcanza a súa máxima altitude nos montes próximos a Cee —Seoane, con 249m; San Xoán, con 247m; Veladoiro, con 241m— e no [Facho](#), con 247m, dende onde descende bruscamente cara ao mar, configurando esa paisaxe enérxica que caracteriza ao municipio. Entre ambos os dous bloques graníticos esténdese o istmo de Langosteira, formado por sedimentos cuaternarios.

2.1.2 CLIMATOLOXÍA

Fisterra, coma o resto das terras que comprende a Costa da Morte, ten un clima oceánico. A presenza do océano como amortecedor das temperaturas extremas fai que o clima sexa temperado e chuvioso todo o ano.

A temperatura media anual de Fisterra (42°52'57"N, 9°16'20"W) é de 14 ,8°C, temperatura que non difire das existentes a unha latitude similar no resto da España atlántica,.

Os meses máis fríos son xaneiro e febreiro, cunha temperatura media de 10°C.

O verán é agradable, e a temperatura media mensual non excede de 24°C nin descende de 15°C.

A choiva é a forma de precipitación máis común. A abundancia de precipitacións é indubidable, sendo a media anual de aproximadamente 935mm. O período húmido por excelencia, con máis de 100 litros mensuais recollidos por metro cadrado, corresponde aos meses de outubro, novembro, decembro e xaneiro. O mes con máis choiva corresponde a outubro.

Estes datos quedan reflectidos no seguinte climograma:

TEMPERATURAS E PRECIPITACIÓNS MEDIAS

Fisterra - Período (1987-2017)




Gráfico obtido en meteoblue.com

2.1.3 VEXETACIÓN

Nesta zona do noroeste de Galicia predomina sobre o espazo cultivado a vexetación espontánea ou de repoboación, en especial as formacións vexetais de matogueira (fundamentalmente toxeias) e bosque.

As dunas costeiras das principais praias da localidade de Fisterra —[Langosteira](#), [Mar de Fóra](#) e [o Rostro](#)— constitúen cinco microrreservas (espazo da Rede Natura 2000) nas que se atopan comunidades de plantas psamófilas. As especies máis características destas comunidades son o [Alyssum loiseleurii gallaecicum](#), o [Rumex rupestris](#), a [Ammophila arenaria](#) e a [Euphorbia portlandica](#).

Tamén se presenta vexetación sobre rochedos costeiros, aos que chega a pulverización do sal por medio das ondas. Unha das plantas que aparece con máis frecuencia nestas zonas é a [Armeria maritima](#) ou herba de namorar.

Cabe destacar neste punto que o IES Fin do Camiño participa nun programa de conservación e educación ambiental, promovido polo Concello de Fisterra e no que colaboran o Grupo de Investigación da Universidade de Compostela Biodiversidade e Conservación de Plantas Vasculares

(BCPV) e ADEGA, consistente na recollida de sementes de especies como o *Alyssum gallaecicum* na praia de Langosteira para o seu cultivo nun invernadoiro no centro e a súa posterior reintrodución na microrreserva de Mar de Fôra coa fin de preservar certos endemismos.

Os piñeirais con sotobosque de toxo ou de fento cobren a maior parte das terras restantes, aínda que presentan manchas de cultivo dispersas (cereais e patacas, fundamentalmente) de menor tamaño que se estenden, en xeral, polos vales.

2.2 Datos históricos e patrimoniais

A historia de Fisterra nos primeiros tempos está condicionada polas abundantes lendas que se crearon sobre esta zona, a raíz de ser considerada polos antigos como a fin da Terra (*finis terrae*). Estas lendas, de orixe precristiá, están relacionadas con ritos pagáns. Un deles é o culto ao sol, centrado arredor da *Ara Solis* (nome dado a unha das prazas do pobo), que a maioría dos autores sitúan no Cabo Fisterra.

Os primeiros habitantes de Fisterra parecen ser os Nerios, un antigo pobo celta que tiña como capital Duio. Segundo a lenda, a cidade de Duio quedou mergullada, desaparecendo todos os seus habitantes, como castigo por desoír las predicacións do Apóstolo Santiago e seguir rendendo culto ao Sol.

Sobre a presenza romana nesta localidade, hai historiadores que falan dunha vía romana secundaria, a denominada *per loca marítima*, que dende A Coruña se dirixía a Corcubión e Fisterra, seguindo un trazado semellante ao da estrada actual. As lexións romanas que conquistaron Galicia no século II a. C. chegaron ata Fisterra e dende o promontorio do faro (*Promontorium Nerium*) contemplaron, abraídos, segundo relata Lucio Floro Bruto, a caída do sol no mar, coma se nel se somerxese o lume celestial. Algúns autores incluso sitúan preto do Cabo Fisterra as tres aras sextianas adicadas ao culto ao emperador.

Xa na Idade Media, Fisterra aparece no Códice Calixtino relacionada coa Ruta Xacobeá, chegando ata o punto de que San Guillherme de Fisterra foi un dos lugares elixidos polos tribunais flamengos para vir en peregrinación en cumprimento dunha condena. A construción dun hospital para peregrinos ao carón da igrexa de Sta. María das Areas, no ano 1479, encargada polo crego Alonso García Rodríguez, é outro indicio da chegada de peregrinos.

Durante o reinado de Enrique III, esta localidade, coma outras moitas vilas costeiras, sufriu o saqueo dos piratas ingleses. Un deles, Harry Pay, prendeu lume á vila, levando consigo o Cristo de Sta. María das Areas.

Na Idade Media case non existían sistemas defensivos nas zonas costeiras para facer fronte a estes ataques. Vai ser durante os reinados de Fernando VI e Carlos III, cara a mediados do século XVIII, cando se constrúan as fortalezas máis importantes da Costa da Morte, entre elas o castelo de San Carlos en Fisterra.

En 1809 as tropas napoleónicas invadiron as terras da comarca, comezando coa chegada a Cee e Corcubión dun pequeno destacamento de cabalería, relevado pouco despois por un maior que alcanzaría Fisterra e incendiaría o castelo de San Carlos.

O pasado e o presente séculos caracterízanse por un aumento moi moderado da poboación, debido á forte emigración que se produce primeiro cara aos países americanos (Cuba, Arxentina, Uruguai...) e a partires dos anos sesenta cara aos de Europa (Alemaña, Suíza...).

No eido das comunicacións, ata hai ben pouco a Costa da Morte seguía a ser unha das zonas menos favorecidas de Galicia. Ata 2016, a única vía de comunicación existente entre Fisterra e a capital da provincia era a estrada comarcal 552, só mellorada parcialmente coa inauguración en 2011 da vía rápida Cee-Sardiñeiro, VG-1.4, (8,3km). En xullo de 2016 inaugurouse o tramo Carballo-Baio (25,5km) da Autovía da Costa da Morte, AG-55, proxectada inicialmente ata Berdoias, que axudará a vertebrar a comarca.

Algúns dos lugares de maior interese histórico e turístico da vila son:

A Capela da Nosa Señora do Bo Suceso, situada na praza de Ara Solis, de estilo barroco, fundada polo crego Mateo Pérez Porrúa a mediados do século XVIII.

A Igrexa de Sta. María das Areas, de orixe románica, dunha soa nave, na que se mesturan varios estilos: o románico da porta principal, da fiestra do testeiro da capela maior, ou do muro norte da nave; o gótico da capela maior, dos arcos apuntados da cuberta, ou das capelas de Santa Lucía, Angustias e San Miguel; o plateresco da capela do Rosario; e o barroco da Capela do Cristo.

As Igrexas de S. Martiño e S. Vincenzo de Duio, de estilo barroco.

O Faro, a 143m sobre o nivel do mar, foi construído no ano 1853. A torre, feita en perpiaño é de base octogonal, e remata nunha cornixa na que se apoia a balconada. Enriba está a bóveda, cunha lanterna poligonal, na que se aloxa o foco luminoso. No ano 1883 complementáronse os servizos deste faro coa serea e en 1992 co radiofaro.

O cemiterio municipal de Fisterra, proxectado en 1998 por César Portela e finalizado no ano 2000 (pero aínda sen estrear), finalista dos Premios Philippe Rotthieer (2002) e Mies van der Rohe (2003). Está formado por catorce cubos de granito, aparentemente desordenados, segundo o autor, como "rochas desprendidas" ou "contedores dun barco" naufragado que tivesen arribado á costa transportando, cada un, doce nichos, e tres cubos máis arriba destinados á sala de autopsias, o depósito e a capela.

A lonxa turística de Fisterra, considerada obra singular, deseñada polos arquitectos Juan Creus e Covadonga Carrasco e inaugurada en 2008. Foi a primeira en Galicia en ofrecer a posibilidade de recibir aos visitantes (na súa parte alta) mentres se desenvolven as actividades propias deste recinto.

O Castelo de San Carlos, o máis pequeno de todos os que se construíron nesta época nas rías de Corcubión e Camariñas. Ten forma irregular na súa liña de fogo para adaptarse á pedra sobre a que se asenta. A súas troneiras oriéntanse en tres direccións: cara o cabo Fisterra, cara o centro da ría e

cara o porto. Na actualidade está restaurado e alberga o Museo da Pesca de Fisterra, con visitas guiadas polo poeta local Alexandre Nerium.

2.3 Análise socioeconómica do Concello de Fisterra

2.3.1 DEMOGRAFÍA

O concello de Fisterra está integrado na Comarca do mesmo nome e da que forman parte tamén os concellos de Cee, Corcubión, Dumbria e Muxía. En total, os cinco, ocupan unha superficie de 339,8 Km² e contan cunha poboación de 22.000 habitantes. Todos eles forman parte da rexión costeira denominada Costa da Morte.

Fisterra ten unha extensión de 29,4 Km² e conta, segundo o padrón de poboación do ano 2016, con 4.737 habitantes. A densidade é polo tanto de 161,12 hab/Km², elevada en comparación coa de Galicia (92 hab/Km²) e moi elevada con respecto á da Comarca (66,9 hab/Km²).


Os principais datos do concello podémolos resumir nos seguintes cadros:

CONCELLO	Fisterra	POBOACIÓN (2016)	4737
Comarca	Fisterra	Homes	2399
Provincia	A Coruña	Mulleres	2338
Nº de entidades colectivas (parroquias)	4	Variación da poboación 1998-2016 (%) (segundo o INE)	-10,5%
Nº de entidades singulares	24	Índice de envellecemento	169,7
Superficie (Km2)	29,4	Nacementos (2016)	28
Densidade (habitantes/km2)	161,12	Defuncións (2016)	57
		Saldo vexetativo (2016)	-29

De todos eles chama a atención a variación da poboación en tanto por cento nas dúas últimas décadas (o que nos fala da diminución da poboación); o saldo vexetativo negativo (o que nos está a indicar que o número de defuncións é maior que o número de nacementos) e o elevado índice de envellecemento.

Na gráfica seguinte podemos observar como a diminución da poboación é constante dende o ano 1998, con pequenas recuperacións puntuais no ano 2003 e no ano 2009. O descenso de poboación dende o ano 2012 é moito máis brusco.

POBOACIÓN DE FISTERRA SEGUNDO O PADRÓN MUNICIPAL



Máis sinxelo resulta analizar a tendencia demográfica a través da pirámide de poboación comparada entre a poboación do ano 1998 e a do ano 2016, xa que os datos poboacionais que constaban no último Proxecto Educativo referíanse, en concreto, a este ano. Todos os datos aos que se fai referencia neste apartado foron extraídos da páxina web do Instituto Galego de Estadística, <https://www.ige.eu>, ou da páxina do Instituto Nacional de Estadística, <http://www.ine.es/>.


Nela podemos observar como a base da pirámide vaise estreitando, o que nos indica a diminución da taxa de natalidade (este feito non é tan preocupante como nos concellos do interior de Galicia) e como o groso da poboación se traslada a intervalos de idade superiores o que sinala, neste caso, o seu claro envellecemento e o baixo índice de reposición (no ano 2014, o número medio de fillos por muller era de 1 cando se considera que para un correcto reemprazo xeracional esta taxa debería estar en 2,1). Por outra parte, e dun xeito positivo, nos fala tamén do aumento da esperanza media de vida (máis elevado no caso das mulleres).

Sen embargo, e pola parte que nos toca e nos interesa, é necesario destacar que a pesar do elevado índice de envellecemento (169,7), este é tan só un pouco superior á media da provincia de A Coruña (151,9) e moi inferior ao índice da comarca (204,98), polo que contamos cunha considerable porcentaxe de poboación nova (aquela con idade inferior aos 20 anos), o 14,73%.

PIRÁMIDE COMPARATIVA

Fisterra 1998 e 2016

Datos IGE



O comportamento negativo, nos movementos naturais, é similar ao que podemos atopar en xeral en toda Galicia. En Fisterra, ademais, o saldo migratorio tampouco axuda a corrixir esta tendencia, xa que este índice tamén é negativo. (159 emigrantes fronte a 140 inmigrantes no ano 2015). Non imos desenvolver aquí as posibles consecuencias negativas, xa por todos coñecidas, que este feito pode ter a medio e longo prazo dende o punto de vista demográfico, económico e social.

2.3.2 ECONOMÍA


Ao ser Fisterra un concello situado na costa (e pola súa localización peninsular) puidera parecer que, a priori, a principal actividade económica debería ser a pesca, sen embargo observamos nas gráficas que isto non é así. Sen dúbida a crise económica golpeou duramente a sectores tradicionais de desenvolvemento como a pesca e a construción.

A diminución do peso económico do sector primario, en canto ao número de traballadores así como con respecto ao número de empresas (e é de supoñer que continuará diminuíndo), beneficiou ao sector servizos que é o que, actualmente, destaca sobre o resto.

Este sector está moi ligado ao fenómeno crecente do camiño de Santiago e á súa prolongación na ruta Fisterra-Muxía. No ano 2016 entregáronse no albergue público de Fisterra un total de 25.759 fisterranas, documento que acredita a culminación do traxecto deste tramo (no ano 2012 foran 19.321 as certificacións emitidas). A isto é preciso engadirlle o turismo individual e o de grupos organizados, aínda que este último, maioritariamente, non pernocta no concello. Aínda que o maior número de visitas realizase no Verán e en Semana Santa (a Semana Santa fisterrá está declarada

como de Interese Turístico Nacional) quizá, a adecuada xestión e o maior control do patrimonio natural, xunto a potenciación de certos elementos desaproveitados do patrimonio cultural (hai máis cousas en Fisterra aparte do Faro) podería garantir a posibilidade de non depender estacionalmente do turismo e afianzar esta actividade como motor económico.

ALTAS EN SEGURIDADE SOCIAL SEGUNDO SECTORES DE ACTIVIDADE Fisterra - decembro 2016 (Datos IGE)



Dende o ano 2011, a taxa de paro no concello supera o 20%. En febreiro do 2017 esta taxa estaba no 20,79%. As mulleres son quen sofre máis este problema xa que representan o 58,08% do total. Esta elevada taxa de paro xunto ao dato do PIB por habitante (o máis baixo, con diferenza, de toda a comarca) danos unha idea do nivel económico xeral das familias e fai sospeitar da existencia dunha economía somerxida.

Con respecto ás infraestruturas, dúas son as realizadas na última década: a variante de Cee a Sardiñeiro (VG-14) e a ampliación do porto de Brens en Cee (esta última ligada á empresa Ferroatlántica). En contrapartida, son débedas pendentes a mellora nos servizos do Hospital comarcal Virxe da Xunqueira xunto á finalización da autovía da Costa da Morte (AG-55) xa que actualmente só chega ata Baio no concello de Vimianzo; o día que esta se remate acercará considerablemente en tempo Fisterra á capital da provincia.

Non podemos rematar este apartado sen facer referencia ao período de incerteza que asoma sobre a comarca, e por extensión, sobre o concello, debido a reestruturación prevista sobre o principal motor industrial da zona. Estámonos a referir o incerto futuro das centrais e das industrias de ferroaleación de Ferroatlántica. Á venda destas ou os axustes no cadro de traballadores afectará de xeito negativo, directa e indirectamente, a toda a bisbarra.


2.3.3 ANÁLISE LINGÜÍSTICO

Unha tendencia que se ven percibindo nos últimos anos, está relacionado coa diminución no uso e no aprecio da lingua galega por parte do alumnado; para ratificar ou rebater esta premisa é polo que, coa axuda do EDLG, realizouse unha sinxela enquisa que tentaba recoller dun xeito obxectivo esta realidade. E desgraciadamente, as sospeitas víronse confirmadas.

En contra do que pensabamos, os resultados obtidos non están tan relacionados directamente co lugar de residencia como si o están cos intervalos de idade.

En Fisterra, como en moitas outras vilas, dáse a circunstancia de que o alumnado que habita no núcleo principal fala castelán mentres que o da aldea exprésase habitualmente en galego; pero mentres que os que viven na aldea representan o 48,5% do alumnado, só o 34% fala galego ou con predominio do galego.


EN QUE LINGUA FALAMOS HABITUALMENTE?
Enquisa - abril 2017



Situación que contrasta coa gráfica seguinte "en que lingua aprendemos a falar?":

EN QUE LINGUA APRENDEMOS A FALAR?

Enquisa - abril 2017




O que sobresaie neste caso, positivamente, é o bilingüismo. O dato negativo, relacionándoo coa gráfica anterior, é o abandono da fala en galego en favor do castelán. Destacamos tamén ese 6% que aprendeu a falar noutra lingua resultado, sen dúbida, do fenómeno da emigración de retorno.

Moito máis significativas resultan a sucesión das tres gráficas seguintes e, ademais, vannos axudar a valorar a situación xeral do galego no Concello. Nelas relacionase a utilización da lingua galega cos intervalos de idade.


EN QUE LINGUA FALAMOS COAS PERSOAS MAIORES DE REFERENCIA?

Enquisa - abril 2017



EN QUE LINGUA FALAMOS COAS NOSAS NAIS OU PAIS?


Enquisa - abril 2017



Podemos observar como o sector que se corresponde a porcentaxe do alumnado que se expresa en galego vai diminuíndo a medida que o interlocutor do alumnado vai sendo máis novo.

EN QUE LINGUA FALAMOS C@S NOS@S COMPAÑEIR@S?


Enquisa - abril 2017



Do 56% que fala en galego cos seus avós e avóas, ao 37% que o fai cos pais e nais e ata o 29% que o utiliza habitualmente cos compañeiros e compañeiras. Pola contra vemos como vai aumentando proporcionalmente a utilización do castelán.

O dato que resulta verdadeiramente demoledor é o da última gráfica na que se reflicte a utilización da lingua nas redes sociais. O galego practicamente non existe cando falamos de internet ou das redes sociais.

QUE LINGUA UTILIZAMOS NAS REDES SOCIAIS?
Enquisa - abril 2017



Á vista destes datos o futuro para a nosa lingua propia non semella moi esperanzador, a verdade. Non é este o lugar para analizar de quen é a responsabilidade pero o que si debemos ter claro é que ou ben o esforzo por valorizar a lingua por parte da comunidade educativa, vese apoiado polas institucións pertinentes (e van no mesmo senso e non no contrario) ou senón os datos mostrarán, cada vez máis, o detrimento na utilización do galego e, o que é peor, o rexeitamento aberto da lingua propia por parte do alumnado.

3 O CENTRO: SINAIS DE IDENTIDADE

3.1 Valores

O I.E.S Fin do Camiño declárase defensor do modelo de Escola Pública e parte dos seguintes principios de actuación:

- Un centro non dependente de intereses privados.
- Un centro defensor da liberdade de cátedra, entendendo por tal o dereito dos ensinantes a expoñer, sen adoutramento, proselitismo ou sectarismo, o seu enfoque persoal no labor docente, dentro do respecto ás normas establecidas e ás opinións discrepantes.
- Un centro xestionado participativa e democraticamente.
- Un centro que se relaciona co seu entorno e promove valores como a solidariedade, a non discriminación e o respecto polo medio que nos rodea.
- Un centro na que as relacións entre os diversos compoñentes están presididas por un enfoque humanístico, nas que o diálogo, a tolerancia e a disciplina sexan as máximas de actuación.

3.2 Obxectivos

3.2.1 ÁMBITO PEDAGÓXICO

- Fomentar a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia, dentro dos principios de convivencia.
- Facer real a igualdade de dereitos entre ambos sexos e o rexeitamento a todo tipo de discriminación por razón de raza ou relixión.
- Fomentar os hábitos de comportamento democrático e o rexeitamento da violencia e da inxustiza.
- Formar para o respecto e coidado do medio natural e histórico.
- Fomentar o respecto polas instalacións e materiais do centro docente e da súa contorna.
- Desenvolver hábitos saudables para previr enfermidades e drogodependenzas.
- Favorecer o desenvolvemento e a formación do auto concepto e da autoestima no alumnado.
- Valorar o esforzo da aprendizaxe e fomentar hábitos de estudo.

- Concretar as ensinanzas básicas propostas desde a administración e adaptalas á realidade sociocultural da zona.
- Favorecer unha aprendizaxe significativa fronte á memorística.
- Modificar os esquemas didácticos das diferentes materias para traballar cos discentes a súa formación segundo as sete competencias clave.
- Afondar no tratamento que se fai na aula dos temas transversais, sobre todo o respecto ao medio ambiente e a actividade física como medio de formación, expresión e relación, co fin de lograr unha formación integral do noso alumnado.
- Fomentar a motivación do alumnado para que esta se reflita logo nunha perseveranza no traballo e nunha boa actitude cara a adquisición de coñecementos.
- Ensinar creando un clima de respecto entre as dúas linguas oficiais da nosa comunidade autónoma.
- Traballar o espírito crítico e científico do alumno que o capacite para afrontar de xeito autónomo os problemas que se lle plantexen.
- Traballar a diversidade atendendo ao alumnado en función das súas características individuais, poñendo en marcha todos os mecanismos que proporcione a lexislación vixente para iso (itinerarios, ACS, PMAR, apoios, reforzos, programas de recuperación de materias pendentes, etc.).
- Orientar axeitadamente ao alumno no seu futuro académico ou profesional.
- Transmitir á comunidade educativa que a labor docente non é exclusiva do profesorado. O seu éxito depende da responsabilidade e colaboración por parte de todos os membros da comunidade.
- Escoller axeitadamente os materiais (libros de texto, apuntamentos, páxinas web...) cos que se vai traballar na aula, facendo máis fincapé as que traballen as TIC.
- Facilitar a distribución de espazos no centro para optimizar o seu aproveitamento nas diferentes actividades.

3.2.2 ÁMBITO DA COORDINACIÓN DOCENTE

- Fomentar a participación do alumnado a través da xunta de delegados do centro e de calquera outro mecanismo (reunións de aula, titorías...) que favoreza a súa implicación nas actividades do centro.
- Axilizar as sesións de CCP, claustro e consello escolar coa exposición previa das actas para a súa aprobación e o paso das mesmas a formato electrónico.
- Optimizar as relacións entre os distintos departamentos didácticos, equipos de ciclo, orientación e dirección, mellorando a coordinación entre todos eles que dea lugar a mode-

los de programación, metodoloxías, adaptacións curriculares, etc. máis uniformes e coherentes.

- Potenciar a figura educativa do titor na resolución de conflitos e na comunicación regular coas familias.

3.2.3 ÁMBITO INSTITUCIONAL

- Fomentar a participación e colaboración con tódolos organismos e membros da comunidade escolar para contribuír á mellor consecución dos obxectivos educativos.
- Promover boas e frecuentes relacións entre a familia e a escola.
- Potenciar que tódolos membros da comunidade educativa participen na xestión do centro dentro das canles establecidas pola normativa vixente.
- Fomentaa participación en actividades escolares e extraescolares que melloren as competencias lingüísticas da comunidade escolar, tanto en galego coma en castelán, coma: visitas culturais, concertos, charlas, actividades teatrais.
- Facilitar e fomentar a participación do profesorado en actividades de formación permanente para proporcionar ós discentes unha mellor atención.
- Manter, na medida do posible, as mellores relacións coas diferentes institucións (Concello, ANPA, Consellería, etc.) favorecendo o intercambio de información, de opinións e o diálogo tolerante para solucionar determinadas situacións.
- Facilitar a incorporación aos novos membros da comunidade educativa, principalmente docentes e estudantes.
- Ceder as instalacións ao resto da sociedade sempre que sexa posible.
- Tomar decisións, sempre que sexa posible, en función de normas obxectivas.
- Velar polo bo cumprimento das obrigas dos diferentes estamentos do centro e escoitar as súas suxestións.
- Aproveitar as achegas por parte das diferentes institucións como vía para enriquecer o labor educativo.

3.2.4 ÁMBITO ADMINISTRATIVO

- Levar a cabo unha administración áxil, eficaz e transparente.
- Fomentar a comunicación coa comunidade educativa para conseguir os obxectivos propostos.
- Potenciar a utilización da lingua galega como medio de relación entre familias, docentes e estudantes.
- Empregar a lingua galega como lingua na administración do centro educativo.

- Coñecer a normativa que regula o funcionamento dos centros e actualizarse cando existan modificacións.
- Expoñer ao público, con rigor, obxectividade e transparencia, o traballo administrativo e burocrático do centro.
- Facilitar a atención ao público desde a secretaría do centro.
- Potenciar o uso das novas tecnoloxías no cumprimento das tarefas administrativas entre o persoal docente, sobre todo os titores.
- Potenciar a publicidade dos asuntos relacionados co centro mediante o correo electrónico ou a páxina web.

3.2.5 ÁMBITO DA ORIENTACIÓN E DIVERSIDADE

- Colaborar no desenvolvemento da personalidade e madurez dos discentes.
- Actuar de acordo co principio de comprensividade e diversidade.
- Contribuír ó desenvolvemento dunha acción titorial eficaz, atendendo ás necesidades dos estudantes, familias e docentes.
- Fomentar o desenvolvemento vocacional dos estudantes.
- Organizar e desenvolver medidas e programas de prevención de conflitos.
- Antepoñer o diálogo e a mediación fronte á sanción como método para resolver conflitos.
- Favorecer a mediación dos estudantes nos conflitos.
- Valorar cada incidente tendo en conta os diferentes agravantes ou atenuantes.

3.2.6 ÁMBITO DA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- Impulsar distintas accións que tendan a reforzar a lingua e cultura galega dentro do marco legal vixente en cada momento.
- Impulsar a organización de novas actividades que impliquen, fundamentalmente, a participación do alumnado (revistas, torneos de xogos populares...)
- Celebrar días estreitamente relacionados con Galicia, como o día das Letras Galegas, o Entroido, o Samain, etc.

3.3 Prioridades

Destacamos as seguintes prioridades, que se concretarán nos procedementos de actuación anuais, recollidos tanto na PXA como nas concrecións anuais dos distintos programas de centro así nas distintas programacións didácticas.

- Desenvolver accións que melloren a convivencia escolar.
- Favorecer a mellora continua no funcionamento dos departamentos didácticos e a coordinación entre os mesmos.
- Adoptar medidas de atención á diversidade que favorezan a aprendizaxe ao alumnado que presente dificultades académicas.
- Impulsar as relacións institucionais do centro co entorno e fomentar a participación das familias na vida do centro.
- Empregar metodoloxías, recursos e novas tecnoloxías que melloren a calidade do ensino.
- Fomentar a participación en actividades complementarias e extraescolares con finalidade esencialmente educativa.
- Proporcionar ao alumnado unha eficaz orientación académica e profesional a través das tutorías como instrumentos educativos.
- Impulsar o Consello escolar como órgano participativo e eficaz.
- Fomentar o coidado do medio e promover medidas de aforro.
- Potenciar a igualdade entre homes e mulleres.

4 O CENTRO: ASPECTOS ORGANIZATIVOS

4.1 Historia

A creación do I.E.S. Fin do Camiño débese, en gran parte, á insistencia e interese das familias do pobo, que se mobilizaron para conseguilo. Remóntase ao curso 1998/1999 ([Decreto 269/1998, do 24 de setembro, DOG do 6 de outubro](#)), cando co nome de I.E.S. de Fisterra comeza a súa andaina sen sé propia, no CEIP Mar de Fóra; sen profesorado con destino definitivo; e sen dirección, función exercida polo equipo directivo dese colexio. Ben entrado o curso, incorporáronse o conserxe e unha administrativa.

Non é ata o curso seguinte, 1999/2000, cando se autoriza oficialmente a súa posta en funcionamento ([DOG Núm. 142 Luns, 26 de xullo de 1999, páx. 9.589. ORDE do 23 de xuño de 1999 pola que se autoriza a posta en funcionamento de institutos de educación secundaria nas provincias da Coruña, Ourense e Pontevedra](#)). A partir deste momento dispón do seu propio persoal -docentes con destino definitivo, equipo directivo e persoal de administración e servizos-, non así dunha sé propia, continuando a súa actividade no CEIP Mar de Fóra. Durante este período constrúense as instalacións do centro.

Unha vez rematado o edificio, no curso 2001/2002, comeza o seu funcionamento na súa localización actual e cambia o seu nome, I.E.S. de Fisterra, polo actual, I.E.S. Fin do Camiño ([DOG Núm. 223 Luns, 19 de novembro de 2001, páx. 14.817. ORDE do 11 de outubro de 2001 pola que se autoriza o cambio de denominación do Instituto de Educación Secundaria de Fisterra \(A Coruña\)](#)).

Nun principio o centro contaba con oito unidades da ESO. Durante o curso 2003/2004 a oferta educativa ampliouse cun Programa de Garantía Social (PGS).

Na actualidade oferta a etapa da ESO, cunha media de 80 estudantes escolarizados, distribuídos en un grupo para 1º, un grupo para 2º, un para 3º e outro para 4º. Sempre que os medios humanos o permiten establécense tamén grupos de PMAR (1 ou 2 anos). O alumnado que remata a ESO ou que quere facer unha Formación profesional Básica acude á veciña vila de Cee ou ben solicita praza no Centro Residencial Docente da Coruña.

Ainda que, como queda dito, os seus primeiros pasos non foron fáciles, o I.E.S. Fin do Camiño é hoxe en día un centro plenamente consolidado, inmerso en moitos proxectos -diversas Aprendizaxe-Servizo (ApS), PROA, Proxecta, PLAMBE, Club de lectura, Proxecto Terra, Proxecto Ríos...- algúns deles premiados, posibles grazas ao compromiso de toda a comunidade educativa, tanto o profesorado, como o alumnado e as familias.

4.1.1 FICHA DE IDENTIDADE

Centro: IES Fin do Camiño

Enderezo: Avda. do voluntariado, 19

Localidade: Fisterra

Código postal: 15155

Teléfono fixo: 881960528

Fax: 881960534

Correo electrónico: ies.findocamino@edu.xunta.es

Código do centro: 15027915

Horario: 8:30-14:00 de luns a venres. O luns terase clase pola tarde de 16:20 a 18:00 h. cun único re-creo de 30 minutos.

4.2 Oferta educativa

Na actualidade impártense as seguintes modalidades educativas:

- ESO
- PMAR (1 ou 2 anos)

4.2.1 PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

4.2.1.1 PLAMBE

Cal é a súa finalidade?

O Plan de mellora de bibliotecas escolares (PLAMBE) que se desenvolve ten como obxectivo incentivar o deseño e posta en marcha de novos proxectos educativos para a organización, actualización e dinamización da biblioteca escolar. O plan pretende incentivar e impulsar a elaboración e posta en marcha de proxectos de biblioteca que recollan a súa integración nos procesos de ensino e aprendizaxe; a realización de actividades de formación de usuarios e educación en información ou educación documental; o papel da biblioteca na elaboración e desenvolvemento do proxecto lector do centro; o fomento da lectura; a compensación das desigualdades sociais; e a dinamización cultural na comunidade escolar.

A quen se dirixe?

Está dirixida a toda a comunidade educativa.

Cales son os seus obxectivos?

- Fomentar o hábito da lectura, en todo tipo de soportes e con todo tipo de finalidades.
- Formar lector@s competentes.
- Apoiar a adquisición das competencias clave.

- Educar no uso crítico da información.
- Promover o uso da biblioteca escolar como recurso didáctico importante e como factor de compensación social, ofrecendo información ao alumnado e profesorado en diferentes soportes para satisfacer as necesidades curriculares, complementarias e culturais.
- Impulsar a participación de toda a comunidade educativa, especialmente das familias.

Como se organiza?

Cómpre distinguir dúas liñas de actuación dende a biblioteca do centro: a primeira abranguería actuacións de carácter xeral, comúns a todo o curso, e a segunda, actividades concretas, a maioría centradas nas diferentes conmemoracións celebradas durante o ano académico.

Actuacións de carácter xeral:

- Blog da biblioteca [Biblioestremónias](#).
- Formación de usuarios: presentación da biblioteca escolar aos estudantes e docentes de nova incorporación a principio de curso.
- Información periódica aos alumn@s das novidades adquiridas pola biblioteca mediante carteis ou trípticos expostos nos taboleiros de cada unha das aulas dos diferentes grupos e exposicións no vestíbulo do centro.
- Información ao profesorado, mediante correo electrónico, do xeito de consultar a través de Internet o catálogo da nosa biblioteca (enlace directo e tutorial).
- Información das actividades culturais organizadas en Fisterra e concellos próximos no taboleiro da biblioteca (representacións teatrais, actuacións de contacontos, concursos de poesía, narración,...).
- Participación dos diferentes Departamentos didácticos na adquisición de novos fondos documentais para a biblioteca escolar.
- Consulta ao alumnado, a través das tutorías, das súas preferencias en cuestión de lectura, coa fin de telas en conta á hora de adquirir material para a biblioteca.
- Ampliación do espazo adicado ao cómic, fomentando a lectura nun formato máis atractivo para o alumnado.
- Continuación coa iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria das mochilas viaxeiras, como xeito de acadar a participación e a complicidade das familias na formación lectora do alumnado.
- Continuar facendo socios e socias da biblioteca aos pais e nais que o soliciten.
- Exposición de fondos destinados ás nais e pais relacionados coa adolescencia no vestíbulo do centro cando se celebre a reunión entre as familias e as persoas titoras a principio de curso.
- Participación na revista escolar Marusía.

- Utilización nas horas de garda, cando o docente que falte non deixe traballo, duns carriños con libros preparados por cursos coa colaboración de diferentes Departamentos Didácticos.
- Club de lectura, aberto a estudantes e docentes, que se reunirá periodicamente en horario extraescolar, preferentemente os luns ao mediodía para garantir que os estudantes que utilizan o transporte escolar poidan asistir.

Outras actividades:

- Certame de relatos de terror en Samaín.
- Actividades relacionadas co Día Internacional contra a Violencia de Xénero, o 25 de novembro.
- No mes de xaneiro, durante as horas de tutoría, os alumn@s poderán asistir á proxección de curtas relacionadas coa paz, proxección que irá seguida de debates para reflexionar sobre a violencia, prevención e resolución pacífica de conflitos.
- Actividades centradas no Día da Muller, celebrado o 8 de marzo.
- Semana da Prensa (9-13 de marzo). O alumnado utilizará xornais en diferentes soportes como fonte de información para a realización de tarefas diversas.
- Asistencia a unha representación teatral, contando coa colaboración do concello para que nos ceda o seu salón de actos, nunha data próxima ao 27 de marzo, Día Internacional do Teatro.
- Concurso Día do Libro (23 de abril), no que os alumn@s teñen que resolver cuestións relacionadas cun autor ou autora concreto ou con fragmentos de libros.
- Encontro cun autor ou autora dalgún dos libros lidos durante o curso polos alumn@s do centro.
- Exposicións no vestíbulo do centro de libros e películas da nosa biblioteca relacionados con temas concretos.
- Celebración do Día das Letras Galegas.

4.2.1.2 PROA - Acompañamento Escolar

Cal é a súa finalidade?

A finalidade do Plan de Reforzo Orientación e Apoio (PROA) e a de mellorar as perspectivas escolares dos discentes con dificultades na ESO mediante o apoio e o reforzo organizado en horario extraescolar. A súa finalidade última é contribuir ao incremento da taxa de éxito escolar.

A quen se dirixe?

A estudantes de 1º e 2º de ESO con dificultades de aprendizaxe manifestadas en:

- Deficiencias nas materias instrumentais básicas.

- Ausencia de hábitos de traballo e escasa motivación.
- Retardo no proceso de maduración persoal.
- Pobre integración no grupo ou no centro

Cales son os seus obxectivos?

- Potenciar a aprendizaxe e o rendemento escolar.
- Previr as dificultades de aprendizaxe, contribuindo a evitar o abandono, o fracaso e a inadaptación escolar.
- Asentar os coñecementos das áreas instrumentais e outras materias.
- Mellorar as habilidades e actitudes asociadas á lectura.
- Adquirir hábitos de organización e constancia no traballo, e aprendizaxe de técnicas de estudo.
- Aumentar as expectativas académicas e profesionais dos estudantes.
- Incrementar a autoestima e a motivación polo traballo escolar.
- Mellorar a súa integración social, no grupo e no centro.
- Favorecer a convivencia no centro e a diminución da conflitividade.

Como se organiza?

Haberá un único grupo de acompañamento escolar, formado por un mínimo de 10 e un máximo de 15 estudantes.

- Para a elección do alumnado de 1º ESO terase tamén en conta a información recibida dos Departamentos de Orientación dos centros adscritos ao IES Fin do Camiño.
- A selección do alumnado será realizada polo equipo docente baixo a coordinación da Xefatura de Estudos e o asesoramento do Departamento de Orientación
- O programa de acompañamento desenvolverase os martes e os xoves de 16:00h a 18.00h (cada grupo terá dúas sesións de 60 minutos ámbolos dous días). O traslado do alumnado, desde o seu domicilio ata o centro realizarase en transporte escolar gratuito. (Estes datos poden variar dun curso a outro)
- A coordinación entre o profesor ou profesora responsable dos grupos de acompañamento escolar, o equipo docente e os titores e titoras dos estudantes que os forman, será continua ao longo do curso, a través da persoa coordinadora do programa, e cunha periodicidade semanal.
- A profesora ou profesor responsable do grupo de acompañamento e a coordinadora ou coordinador do programa serán as persoas responsábeis de manter informadas ás familias do desenvolvemento do proceso de aprendizaxe do alumnado.

4.2.1.3 Contrato Programa - Convivencia Escolar

Cal é a súa finalidade?

O IES Fin do Camiño é un centro que xa leva varios anos traballando a dinamización da convivencia. Por esta razón contamos cun grupo de profesorado, e mesmo de alumnado, interesado en traballar na mellora da convivencia entre todos os membros da comunidade educativa. Interésanos profundar na mellora do respecto e a comunicación eficaz entre as persoas. Por esta razón desenvolvemos esta liña de mellora da convivencia.

A quen se dirixe?

Está dirixida a toda a comunidade educativa.

Cales son os seus obxectivos?

- Seguir participando en redes de centros educativos en torno á temática da convivencia escolar.
- Ofrecer maior protagonismo ao alumnado na resolución dos seus conflitos, formando novo alumnado axudante, coordinando este servizo.
- Fortalecer a figura dos cibermentores, adicándolle unha especial atención á prevención das condutas sexistas.
- Revisar a estratexia da aula de convivencia como ferramenta de xestión coordinada dos conflitos, para adaptala ós novos recursos e situacións.
- Seguir dinamizando a escola de nais e pais.
- Mellorar a formación do profesorado para a xestión das emocións na aula e na resolución pacífica de conflitos.
- Revisar e redactar, no marco do plano de acción tutorial, actividades destinadas ó desenvolvemento persoal dos estudantes, os programas de habilidades sociais e emocionais.
- Mellorar a convivencia a través dos deportes cooperativos e da oferta de ocio saudable , así como a través de proxectos de "Aprendizaxe e servizo".

Como se organiza?

O equipo de profesorado que traballa na dinamización da convivencia reúnese periodicamente. Compártense ideas e tarefas para desenvolver o plan de convivencia durante o curso. Tamén nos encargamos de organizar actividades dirixidas ao alumnado, ao profesorado e ás familias en colaboración coas entidades que nos apoian neste traballo.

4.2.1.4 ApS - FisterraDoa

Cal é a súa finalidade?

A Aprendizaxe-Servizo (ApS) busca que os participantes se formen traballando sobre necesidades reais da contorna. O obxectivo é vincular a aprendizaxe a unha experiencia de servizo á comunidade para facer que o alumnado sexa o responsable: decida, traballe, reflexione e actúe sobre unha determinada necesidade. Deste xeito desenvolva o seu pensamento crítico, a súa implicación social e favorecer o seu crecemento como persoa.

Con este proxecto de ApS no IES Fin do Camiño perséguese aumentar o número de doazóns de sangue en Fisterra, á vez que se aprenden contidos e desenvolven competencias.

A quen se dirixe?

Debido aos contidos que se tratan, neste caso está dirixido ao alumnado que cursa 3º ESO e 4º ESO.

Cales son os seus obxectivos?

- Aprender coñecementos científicos, cívicos e sociais.
- Familiarizarse co proceso de doazón de sangue e interiorizalo como un hábito de compromiso social.
- Participar nunha experiencia onde as e os participantes sexan protagonistas, dinamizando na súa contorna unha campaña de doazón e poñendo en práctica as aprendizaxes científicas, cívicas e sociais.
- Ser conscientes da importancia da doazón de sangue.

Como se organiza?

- Formación: Na etapa formativa os participantes aprenden conceptos relacionados co sangue e a doazón e adquiren coñecementos para crear a súa propia campaña de comunicación e concienciar á súa contorna. Ademais, trabállanse un conxunto de valores como a solidariedade, o altruísmo, a responsabilidade, a cooperación e o traballo conxunto.
- Elaboración de materiais: Logo da formación, o centro elabora os materiais da campaña de comunicación e promoción da doazón de sangue. O alumnado traballa en grupos para deseñar e crear os materiais da campaña.
- Servizo: Nesta fase póñense en práctica todos os coñecementos que aprenderon durante o proceso e coas súas accións encárganse de concienciar á súa contorna.

4.2.1.5 Plan Proxecta - QUÉROTE+

Cal é a súa finalidade?

A participación no Proxecta xurdiu coa intención de parte do profesorado de axudar ao alumnado na súa socialización fundamentada en valores, actitudes e modos de comportamento, para que constrúa a súa identidade, que aprenda a coñecerse a aceptarse e a vivir a sexualidade dun xeito satisfactorio e positivo; co marco do seu proceso de crecemento dentro dunha educación para a convivencia entre sexos.

A quen se dirixe?

Ao alumnado de 3º ESO.

Cales son os seus obxectivos?

- Adquirir habilidades e coñecementos para unha sexualidade satisfactoria e libre de riscos
- Discriminar e xestionar as emocións propias e dos outros
- Construír unha autoestima positiva, na procura da redución de presións do grupo.
- Coñecer e aplicar as habilidades para a toma de decisións responsables para un mesmo e para os demais.
- Obter información e formación en canto a situacións, actuacións, procedementos e consecuencias das nosas decisións e comportamentos (educación e saúde sexual, prevención de riscos, modelos de parella...)
- Construír a súa identidade sen estereotipos nin prexuízos sobre o seu rol de xénero e/ou a súa sexualidade.
- Crear ferramentas para a comunicación, información e relación entre os mozos e mozas a través da tecnoloxía.
- Fomentar valores de coidado, non violencia, respecto e solidariedade cara os demais.
- Valorar a afectividade, compañía e amizade dos seus compañeiros e compañeiras
- Participar de xeito colaborativo e cooperativo no grupo e no centro.
- Usar as TIC no desenvolvemento do proxecto.

Como se organiza?

Está vertebrada en reunións do equipo de docentes.

- Reunión inicial: sobre a organización, planificación e desenvolvemento do proxecto. Traxo de xeito colaborativo. Deseño de actividades de interese, dinámicas e inclusivas.

- Reunións mensuais: organización, deseño de actividades, avaliación do proceso de desenvolvemento e atención ás dificultades atopadas, modificacións necesarias, coordinación do equipo, recollida de información, comunicación necesaria.
- Reunión final: avaliación do proxecto, o que estivo ben, o que deberemos mellorar, propostas de mellora, elaboración e posta en común da memoria final.

O desenvolvemento deste proxecto estará baseado no material didáctico (7 fichas de traballo en formato electrónico) segundo a planificación do Programa Quérote+.

4.2.2 MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN DO CENTRO.

4.2.2.1 Materias optativas de 1º e 2º ESO

Xadrez - 1º ESO

O xadrez é un xogo de lóxica e estratexia que axuda a adquirir hábitos, actitudes e procesos de pensamento imprescindibles na ESO. Cando xogamos reflexivamente débense seguir pasos semellantes aos necesarios para desenvolver calquera outro tipo de problema. Xogando créase un clima favorable á discusión e ao debate, o que fomenta a expresión oral en diferentes contextos. Favorecese a capacidade de formular instrucións e a expresión do razoamento das estratexias seguidas no xogo mediante un novo código de comunicación. O xadrez tamén facilita os procesos de socialización establecendo entre o alumnado relacións de cooperación, o cal favorece que cada alumno/a afiance a súa identidade persoal, adquira hábitos de convivencia democrática e aprenda a ser unha persoa independente que aborda a análise de situacións para obter as súas propias conclusións a través dunha actitude crítica ante o mundo.

Esta materia facilita a posibilidade de traballar en equipo en todos os bloques do currículo, para formular e resolver problemas tanto do xadrez como doutro tipo. Para tal fin, podemos dispor das necesarias ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación que permiten a procura, a presentación, o almacenamento e a publicación de información, e que tamén facilita a relación con outras persoas ao xogar partidas en rede, desenvolvendo como competencia o sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

A materia de Xadrez desenvolve as competencias clave como se detalla deseguido. Neste sentido, a comunicación lingüística desenvólvese a través do uso do vocabulario específico da materia, da realización de produción escrita e da exposición oral dos razoamentos lóxicos aos que se chegue en cada situación. A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía desenvolveranse nomeadamente coa resolución de problemas de calquera índole mediante o razoamento lóxico. Cómpre sinalar que o xadrez e a competencia matemática van moi unidos pola súa propia natureza. A competencia dixital vaise desenvolver co frecuente emprego das TIC na procura e no almacenamento de información e coas aplicacións e os programas propios do xadrez. Aprender a aprender é unha competencia de forte presenza no xadrez, pois este reclama constantemente procesos de análise e reflexión do alumnado. As competencias sociais e cívicas alcanzanse a través da realización das actividades de xeito cooperativo, procurando que o alumnado tra-

balle en grupo e interactúe respectando as normas segundo o contexto onde se atope. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor conséguese mediante esta materia a través do desenvolvemento da creatividade, do esforzo persoal, da capacidade de análise, da planificación, da organización e toma de decisións, da resolución de problemas, da xestión de riscos, da avaliación e da autoavaliación, etc., que supón de por si o xadrez. A conciencia e expresións culturais vaise traballar a través da análise da evolución histórica do propio xogo e mais das diferentes tendencias artísticas nos deseños das pezas do xadrez ao longo da historia e nas diferentes culturas

Intelixencia Emocional e para a Creatividade - 2º ESO

O avance da investigación científica recente, especialmente a neurociencia, destaca o papel das emocións na toma de decisións e o benestar do individuo. Así tamén, a creatividade revélase como unha cualidade nun mundo cambiante, baseado no coñecemento, e no que a innovación terá un papel no progreso da sociedade. Unha sociedade mais xusta e democrática será aquela que na que as persoas resolvan pacificamente os seus conflitos, rexeiten a violencia e os modelos de dominio e submisión.

A educación para o desenvolvemento emocional e para a creatividade ten por finalidade validar o papel que desempeñan os aspectos do mundo emocional e creativo en relación cos contidos curriculares, a convivencia escolar positiva e a educación integral da persoa. Así, o alumnado atopa na escola un espazo e un tempo que contribúe ao desenvolvemento das competencias, tanto desde a conciencia e a regulación emocional e a xestión positiva dos conflitos como desde a creatividade. A materia incide directamente e de forma integradora na intelixencia emocional (intra e interpersonal) e na intelixencia creativa. A intelixencia emocional e a creatividade son, entón, capacidades que se desenvolven e se educan para aumentar o benestar persoal. O alumnado que é máis feliz, confiado, asertivo, resiliente, orixinal, innovador, audaz, equilibrado... ten máis éxito na escola e na vida e é capaz de resolver os conflitos interpersoais pacificamente aceptando o punto de vista do outro. É importante resaltar a idea de transversalidade e globalidade que ten esta materia.

As emocións e a creatividade están presentes en calquera situación de aprendizaxe que se xere no aula. Por esta razón, esta materia ten que ser vista como unha oportunidade para que as emocións e a creatividade impregnen todas e cada unha do resto de asignaturas da etapa. Neste sentido, esta asignatura ten máis sentido si se contempla desde a súa relación e integración co resto das áreas.

Desde esta área o alumnado aprenderá a recoñecer, regular e desenvolver o seu mundo emocional e creativo de xeito afectivo e efectivo para procurarse un sistema de pensamento que lle axude a tomar decisións adecuadas segundo o seu desenvolvemento psicoevolutivo. Así tamén, aprenderá a relacionarse asertivamente e a resolver os conflitos de xeito pacífico.

4.3 Oferta curricular

1º ESO

MATERIAS COMÚNS OBRIGATORIAS	<ul style="list-style-type: none"> ● Ciencias da Natureza ● Ciencias Sociais, Xeografía e Historia ● Educación Física ● 1ª Lingua Estranxeira – Inglés ● Lingua Castelá e Literatura ● Lingua Galega e Literatura ● Matemáticas ● Educación Plástica Visual e Audiovisual ● 2ª Lingua Estranxeira – Francés ● Xadrez
MATERIAS ALTERNATIVAS (Escoller unha opción)	<ul style="list-style-type: none"> ● Valores Éticos ● Relixión Católica

2º ESO

MATERIAS COMÚNS OBRIGATORIAS	<ul style="list-style-type: none"> ● Ciencias Sociais, Xeografía e Historia ● Educación Física ● Física e Química ● 1ª Lingua Estranxeira – Inglés ● Lingua Castelá e Literatura ● Lingua Galega e Literatura ● Matemáticas ● Música ● Tecnoloxías ● 2ª Lingua Estranxeira – Francés ● Intelixencia Emocional
MATERIAS ALTERNATIVAS (Escoller unha opción)	<ul style="list-style-type: none"> ● Valores Éticos ● Relixión Católica

2º ESO PMAR

MATERIAS XERAIS OBRIGATORIAS	<ul style="list-style-type: none"> ● Ámbito Científico e Matemático ● Ámbito Lingüístico e Social ● Ámbito de Linguas Estranxeiras ● Educación Física ● Música ● Tecnoloxías ● 2ª Lingua Estranxeira – Francés ● Intelixencia Emocional
MATERIAS ALTERNATIVAS (Escoller unha opción)	<ul style="list-style-type: none"> ● Valores Éticos ● Relixión Católica

3º ESO	
MATERIAS XERAIS OBRIGATORIAS	<ul style="list-style-type: none"> ● Bioloxía e Xeoloxía ● Física e Química ● Ciencias Sociais, Xeografía e Historia ● Educación Física ● Educación Plástica Visual e Audiovisual ● 1ª Lingua Estranxeira – Inglés ● Lingua Castelá e Literatura ● Lingua Galega e Literatura ● Música ● Tecnoloxías
MATERIA DE OPCIÓN (Escoller unha opción)	<ul style="list-style-type: none"> ● Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas (Bacharelato) ● Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas (FP)
MATERIAS ALTERNATIVAS (Escoller unha opción)	<ul style="list-style-type: none"> ● Valores Éticos ● Relixión Católica
MATERIAS OPTATIVAS (Escoller unha opción)	<ul style="list-style-type: none"> ● 2ª Lingua Estranxeira – Francés ● Cultura Clásica

3º ESO PMAR	
MATERIAS XERAIS OBRIGATORIAS	<ul style="list-style-type: none"> ● Ámbito Científico e Matemático, ● Ámbito Lingüístico e Social ● Ámbito de Linguas Estranxeiras, ● Educación Física ● Educación Plástica Visual e Audiovisual ● Música ● Tecnoloxías
MATERIAS ALTERNATIVAS (Escoller unha opción)	<ul style="list-style-type: none"> ● Valores Éticos ● Relixión Católica
MATERIAS OPTATIVAS (Escoller unha opción)	<ul style="list-style-type: none"> ● 2ª Lingua Estranxeira – Francés ● Cultura Clásica

4º ESO	
<p>OPCIÓN DE ENSEÑANZAS ACADÉMICAS</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Ciencias Sociais, Xeografía e Historia ● Educación Física ● Primeira Lingua Estranxeira – Inglés ● Lingua Castelá e Literatura ● Lingua Galega e Literatura ● Matemáticas Académicas <p>ELIXIR DÚAS</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Bioloxía e Xeoloxía ● Economía ● Física e Química ● Latín 	<p>OPCIÓN DE ENSEÑANZAS APLICADAS</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Ciencias Sociais, Xeografía e Historia ● Educación Física ● Primeira Lingua Estranxeira – Inglés ● Lingua Castelá e Literatura ● Lingua Galega e Literatura ● Matemáticas Aplicadas <p>ELIXIR DÚAS</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional ● Iniciación a Actividade Emprendedora e Empresarial ● Tecnoloxía
<p>MATERIAS ESPECÍFICAS Ordea de 1 ao 5, sendo 1 a túa primeira preferencia. Sairán dúas materias</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Educación Plástica, Visual e Audiovisual ● Francés ● Música ● Tecnoloxía ● TICs
<p>MATERIAS ALTERNATIVAS (Escoller unha)</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Relixión Católica ● Valores Éticos

4.4 Recursos materiais

4.4.1 INSTALACIÓNS

O recinto escolar completo ten uns 5924,68 m² totais de extensión. O IES Fin do Camiño está constituído por un único edificio. Dentro do recinto escolar existen outros dous edificios, a casa do conserxe pegada a este edificio principal e o pavillón de deportes municipal, que é o que utiliza o alumnado como ximnasio ao non contar o centro cun propio. Entre o pavillón e o edificio principal encóntrase a zona de recreo e aparcadoiro.

O centro está constituído por dúas plantas, a planta baixa cunha superficie construída de 932,52 m² e que conta cun porche cuberto de 327,70 m² e a planta primeira cunha superficie de 929,64 m².


O centro non conta cun salón de actos, moi necesario en festivais sinalados, conferencias ou calquera outro evento, para levar a cabo este tipo de reunións sóese usar a Biblioteca ou o Pavillón.

Especificaremos ademais neste apartado os medios económicos, materiais, humanos e didácticos dos que dispoñemos para intentar poñer en práctica a metodoloxía adoptada e conseguir así os obxectivos propostos no Proxecto Educativo.

O centro conta cunhas instalacións que permiten a posta en práctica da maioría das actividades programadas. A dotación asegura a disposición do equipamento necesario para tódalas sesións de clase de cada un dos cinco grupos do centro.


A distribución e superficie dos diferentes espazos pode observarse nos planos do centro.

4.4.1.1 Planta Baixa



- 4 aulas
 - 2 destinadas a docencia
 - 1 para desdobres
 - 1, a polivalente 4, destinada aos recreos dinámicos
- 1 taller de Tecnoloxía
- 1 sala de profesorado
- 3 despachos para o Equipo Directivo
- 1 oficina para administración-conserxería
- 1 zona de conserxería-reprografía
- Zona de caldeiras, contadores, almacén e Rack Abalar.
- 1 vivenda conserxe
- 1 cafetería
- Cuarto limpeza
- Zona de aseos

4.4.1.2 Planta Primeira



- 4 aulas
 - 3 destinadas a docencia
 - 1, a polivalente 8, para desdobres
- 1 aula de Música
- 1 aula de Educación Plástica
- 1 Laboratorio
- 1 aula de Informática
- 5 seminarios, incluíndo despacho de Orientación
- 1 aula para Apoio Educativo, a cargo do profesorado de Pedagogía Terapéutica
- 1 despacho para ANPA
- 1 despacho para alumnado
- 1 Biblioteca
- Zona de aseos

4.4.2 MEDIOS INFORMÁTICOS E AUDIOVISUAIS

4.4.2.1 Abalar

O centro forma parte do Proxecto Abalar e dispón do equipamento correspondente:

- Rede dedicada
- 1 servidor de datos

- 4 aulas con equipamento Abalar completa
 - 1 punto de acceso Wi-Fi
 - 1 netbook por alumn@
 - 1 laptop para o docente
 - 1 canón proxector dixital con saída de son
 - 1 encerado dixital interactivo
 - 1 armario cargador para os netbook con saída de son
- 3 aulas con equipamento Abalar parcial
 - 1 laptop para o docente
 - 1 canón proxector dixital con saída de son
 - 1 encerado dixital interactivo

4.4.2.2 Rede

- Todos os espazos do centro están conectados a rede por cable Ethernet
- 4 puntos de acceso Wi-Fi da rede Abalar dan acceso ao 50% da superficie do centro

4.4.2.3 Biblioteca

- 6 PCs para o alumnado
- 1 PC para o profesorado
- 1 DVD
- 1 vídeo casete
- 1 canón proxector
- 1 pantalla

4.4.2.4 Aula de Informática

- 20 PCs para o alumnado (dos cales 6 están obsoletos, máis de dez anos)
- 1 PC para o profesorado
- 1 canón proxector
- 1 pantalla

4.4.2.5 Laboratorio

- 1 PC para o profesorado
- 1 canón proxector

4.4.2.6 Aula de Música

- 1 Laptop para o profesorado (obsoleto, máis de 10 anos)
- 1 canón proxector
- 1 pantalla

4.4.2.7 Aula de Plástica

- 1 Laptop para o profesorado (obsoleto, máis de 10 anos)
- 1 canón proxector
- 1 pantalla

4.4.2.8 Aula de Tecnoloxía

- 14 Pcs para o alumnado (todos obsoletos, máis de dez anos)
- 1 PC para o profesorado (obsoleto, máis de 10 anos)
- 1 canón proxector
- 1 pantalla

4.4.2.9 Sala de profesorado

- 2 Pcs (obsoletos, máis de 10 anos)
- 1 canon dixital

4.4.2.10 Departamentos didácticos

- En cada un dos seminarios do centro existe un PC (obsoleto, máis de 10 anos)

4.4.2.11 Administración

- 1 PC para @ Director@
- 1 PC para @ Xef@ de Estudos
- 1 PC para @ Secretari@
- 1 PC para @ administrativ@
- 1 PC para @ conserxe (obsoleto, máis de 10 anos)

4.4.2.12 Material informático a disposición do profesorado

- Unha Tablet por docente
- 5 Laptops obsoletos (máis de dez anos)

4.4.3 MEDIOS ECONÓMICOS

As achegas económicas que sustentan o centro proveñen principalmente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, mediante as partidas anuais fixadas nos seus orzamentos.

No mes de febreiro establécese un orzamento anual para o centro que, despois de ser aprobado polo consello escolar, se envía á Xefatura Territorial. Esta determina a cantidade que lle corresponde ao centro en función dunha serie de parámetros, e ingresa na conta bancaria do centro o importe total en 3 prazos, que soen coincidir sobre marzo, xuño e setembro.

Outros ingresos poden vir de partidas específicas: Fondo Social Europeo (PMAR- Novos Itinerarios en 3º ESO e 4º ESO LOMCE), Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE), Club de Lectura, fondos recibidos da Secretaría Xeral de Política Lingüística, Programas de Reforzo, Orientación e Apoio (PROA) ou os procedentes doutros organismos públicos, debido a premios ou proxectos educativos que se realicen no centro.

O centro ten obriga de xustificar mediante a conta de xestión de orzamento a finais do ano natural a totalidade de ingresos e gastos.

O profesorado, alumnado e persoal non docente que forma parte do IES Fin do Camiño no ano 2017 é o seguinte:

- Profesorado - 15 docentes (todos definitivos)
- Alumnado - 74 alumn@s
 - 1º ESO - 22 alumn@s
 - 2º ESO - 17 alumn@s
 - 3º ESO - 21 alumn@s
 - Ordinario - 16 alumn@s
 - PMAR - 5 alumn@s
 - 4º ESO - 14 alumn@s
- Persoal de Administración e Servizos (PAS)
 - 1 Administrativ@
 - 1 Subaltern@
 - 1 Limpador@

4.5 Organización dos recursos humanos

4.5.1 ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO

Os órganos unipersoais de goberno son os integrantes do equipo directivo do centro que está formado polo Director@, o Xef@ de Estudos e Secretari@.

O nomeamento de Director@ poderá efectuarse sobre docentes con destino definitivo no centro. Será nomeado polo Delegado provincial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a duración do seu mandato será de catro anos.

A lexislación referente a selección e nomeamento da dirección dos centros públicos que imparten ensinanzas reguladas la Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación e a seguinte:

- Decreto 29/2007, do 8 de marzo.
- Orde do 4 de Febreiro de 2008 pola que se convoca concurso de méritos.

@ Xef@ de Estudos e Secretari@ serán nomead@s pol@ Director@ entre o profesorado con destino definitivo no centro, logo da comunicación ó Consello Escolar. A lexislación relativa a figura e funcións dos cargos directivos está desenvolvida na seguinte lexislación:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación o Decreto 374/1996 (DOG do 21 de outubro de 1996) o Orde do 22 de xullo de 1997 (DOG do 2 de setembro de 1997) o Decreto 324/1996 (DOG do 9 de agosto de 1996) a Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro de 1997).

4.5.2 ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO

Os órganos colexiados de goberno son o Claustro de profesorado e o Consello Escolar. As características e competencias de ambos, así como o sistema de renovación do Consello Escolar, están desenvolvidas na seguinte lexislación:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación - Decreto 324/1996 (DOG do 9 de agosto de 1996).
- Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro de 1997).
- Decreto 120/1998 (DOG do 27 de abril de 1998).
- Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG do 31 de xullo de 1998).
- Decreto 7/99 (DOG do 26 de xaneiro de 1999).
- Orde do 3 de outubro de 2000 (DOG do 2 de novembro de 2000).

O Claustro de profesorado é o órgano de participación do profesorado no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordina, decidir, e se é o caso, de informar sobre todos os aspectos docentes do mesmo, e será presidido pola Dirección.

O Consello Escolar é o órgano de participación dos diferentes membros da comunidade educativa. Estará formado polos seguintes membros: @ Director@, unh@ representante do Concello, unh@ alumn@, dous profesor@s e unh@ representante das familias.

4.5.3 ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Os órganos de coordinación docente do IES Fin do Camiño son:

- 13 Departamentos didácticos
 - Artes Plásticas – 1 docente
 - Ciencias Naturais – 1 docente
 - Educación Física e Deportiva – 1 docente
 - Física e Química – 1 docente
 - Francés – 1 docente
 - Inglés – 1 docente
 - Lingua Castelá e Literatura – 1 docente
 - Lingua Galega e Literatura – 1 docente
 - Matemáticas – 2 docentes
 - Música – 1 docente
 - Relixión - 1 docente con centros compartidos (non somos centro de referencia)
 - Tecnoloxía – 1 docente
 - Xeografía E Historia – 1 docente
- Departamento de Orientación
 - 1 orientador@
 - 1 docente de Pedagogía Terapéutica
- Comisión de Coordinación Pedagóxica – 14 membros, excluídas duplicidades
 - Director@
 - Xef@ de estudos
 - 12 xef@s de departamento (excluída Relixión Católica por non ser centro de referencia)
 - 1 Orientador
 - 1 PT
- Departamento de Actividades Extraescolares e Complementarias
 - 1 coordinador@

- Equipo de Normalización Lingüística
 - 1 coordinador@
 - 1 docente
- Tutorías
 - 5 titor@s, unh@ por grupo
- Equipo da Biblioteca
 - 1 coordinador@
 - 2 docentes
- Plan Lector
 - 1 coordinador@
- ABALAR
 - 1 coordinador@
- PROA
 - 1 coordinador@

As características e funcións dos órganos de coordinación docente están desenvolvidas na seguinte lexislación:

- Lei Orgánica de educación 2/2006, de 3 de maio.
- Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos institutos de secundaria (DOG do 9 de agosto de 1996).
- Orde do 1 de agosto de 1997 polo que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o ROC (DOG do 2 de setembro de 1997).
- Decreto 120/1998 polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 27 de abril de 1998).
- Orde do 24 de xullo de 1998 polo que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa. E profesional na comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 31 de xullo de 1998).
- Decreto 92/1988 do 28 de abril polo que se regulan os órganos de goberno nos centros públicos non universitarios (DOG do 29 de Abril de 1988).
- Decreto 374/1996 (DOG do 21 de outubro de 1996).
- Orde do 22 de xullo de 1997 (DOG do 2 de setembro de 1997).

4.6 Centros adscritos

4.6.1 CENTROS DE PRIMARIA

Os centros adscritos ao IES Fin do Camiño son o CEIP Mar de Fóra con dúas Unidades de Educación Infantil e 6 Unidades de Educación Primaria, con xefatura de departamento de orientación e o CEIP Areouta, un pequeno centro atendido polo orientador/a do CEIP Mar de Fóra e ubicado no pobo de Sardiñeiro, con unha unidade de Educación Infantil e 3 unidades de Educación Primaria.

A coordinación entre os centros de primaria é unha liña prioritaria de actuación dentro das relacións do noso centro coa contorna. Para responder a esta necesidade establécense como actuacións as seguintes:

- Intercambio de información sobre períodos de matrícula no centro, organización de actividades, optativas que impartimos no mesmo...
- Invitación a participacións en actividades ou proxectos que se desenvolven no centro.
- Reunión trimestrais entre a orientadora dos centros adscritos e a orientadora do noso centro . Destas reunións destacamos sobre todo a de intercambio de información en maio-xuño, xunto cos titores de 6º de Primaria e o profesorado de apoio; onde se establece unha primeira análise de necesidades en función das dificultades que presenta o alumnado de 6º de Primaria que no vindeiro curso pasa a ser alumnado do noso centro.
- Charlas ao alumnado de 6º de primaria sobre as características da nova etapa, que se desenvolven en conxunto polos orientadores dos distintos centros e os equipos directivos. Esta charla é completada coa visita ao centro onde o alumnado axudante de 1º e 2º da ESO guía ao futuro alumnado polo instituto informándolle dos servizos do mesmo.
- Reunións coas familias do alumnado de 6º de primaria en maio para informar sobre as características da nova etapa que comezarán os seus fillos no noso centro.

Como se pode deducir do explicado anteriormente as relacións cos colexios adscritos de primaria establécense todo o ano, pero se reforzan a partir de maio para facilitar a transición do alumnado no cambio de etapa.

4.6.2 CENTROS DE SECUNDARIA

No presente curso escolar fomos adscritos a dous institutos da contorna, onde a maioría do noso alumnado de 4º ESO continua estudos de Bacharelato ou ciclos de grado medio. A súa oferta educativa é a seguinte:

- IES Agra de Raíces (Cee)
 - Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO)
 - Bacharelato: Modalidade Ciencias e Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais
 - Ciclo formativo: Coidados Auxiliares de Enfermaria

- That's English (curso de inglés a distancia)
- IES Fernando Blanco (Cee)
 - Educación Secundaria Obrigatoria
 - Bacharelato
 - Ciencias e Tecnoloxía
 - Humanidades
 - Ciencias Sociais
 - Ciclos Formativos
 - Técnico en Electromecánica de Vehículos Automóbiles
 - Técnico en Xestión Administrativa
 - Técnico en Instalacións Eléctricas e Automáticas
 - Técnico en Mantemento Electromecánico
 - Técnico Superior en Administración e Finanzas

A relación con estes dous institutos sempre foi fluída e como mostra de esa relación destacan diversas actividades en coordinación con eles como son as visitas do alumnado de 4º ESO en febreiro-marzo as instalacións dos centros de Cee, como parte das actividades establecidas no Plan de Orientación Académica e Profesional de 4º ESO, e charlas impartidas por alumnado de bacharelato e ciclos dos citados institutos, en calidade de ex-estudantes, ao alumnado do noso centro, dando así testemuña real das súas experiencias en etapas posteriores.

4.7 Servizos complementarios

4.7.1 TRANSPORTE ESCOLAR

O centro conta cun servizo de transporte escolar, cuberto pola empresa Monbus. Na actualidade existen dúas rutas:

- Padrís-Anchoa-San Martiño, con 8 paradas.
- Sardiñeiro de Abaixo-Anchoa-Escaselas, con 11 paradas.

4.7.2 CAFETERÍA

O centro conta tamén cun servizo de cafetería. O uso da cafetería é exclusivo da comunidade educativa, permanecendo aberta de 8.30h a 13:00h, Está en réxime de xestión e explotación de acordo ás instrucións que publica anualmente a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universi-

taria para a xestión e explotación da cafetería en centros docentes non universitarios dependentes dela e adecúa os seus prezos ao ámbito escolar.

5 CONCRECIÓN CURRICULAR

Para poder establecer a Concreción do Currículo, o centro adopta unha serie de decisións comúns sobre aspectos que posteriormente desenvolverán os departamentos didácticos.

5.1 Decisións en torno aos obxectivos de etapa

NORMATIVA: Obxectivos da ESO. Decreto 86/2015 do 25 de xuño. Artigo 10.

Transmitir ao alumnado os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos científico, tecnolóxico e humanístico debe ser unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria, como tamén o deben ser o procurar afianzar nos alumnos e alumnas os hábitos de estudo e traballo que favorezan a aprendizaxe autónoma e o desenvolvemento das súas capacidades, formalos para que asuman os seus deberes e exerzan os seus dereitos como cidadáns responsables, e prepararlos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral coas debidas garantías.

No Decreto 86/2015 do 25 de Xuño establécese o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e desenvolve o disposto na Lei Orgánica para a mellora da Calidade educativa 8/2013, do 9 de decembro, así como no Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro (BOE N° 3 de 2015).

5.1.1 OBXECTIVOS DA ESO

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar o método científico para identificar os problemas no campo da física e a química.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas de carácter científico.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da ciencia, da cultura e da historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura científica, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

5.2 Decisións en torno as competencias clave

Normativa: Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro.

Todo o profesorado do centro contribúe á formación xeral do alumnado transmitindo, de maneira específica, os coñecementos propios de cada materia.

Estes coñecementos deben adquirirse se de forma consciente e razoada para que, unha vez integrados na bagaxe cultural do individuo, contribúan ao seu desenvolvemento como persoa. Por outra banda, estes coñecementos han de ir ligados á adquisición das competencias para contribuír á formación integral do alumnado, que lle permita obter unha visión global do mundo que lles rodea.

Enténdese por competencias as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensino e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos. As competencias clave do currículo serán as seguintes:

- a) Comunicación lingüística
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- c) Competencia dixital
- d) Aprender a aprender
- e) Competencias sociais e cívicas
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- g) Conciencia e expresións culturais

As competencias clave deben estar integradas nas áreas ou materias das propostas curriculares, e nelas definirse, explicitarse e desenvolverse suficientemente os resultados de aprendizaxe que os alumnos deben acadar. Todas as áreas ou materias do currículo deben participar, desde o seu ámbito correspondente, no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado.

Os criterios de avaliación deben servir de referencia para valorar o que o alumnado sabe e sabe facer en cada área ou materia. Estes criterios de avaliación desagreganse en estándares de aprendizaxe avaliábeis. Para valorar o desenvolvemento competencial do alumnado, serán estes estándares de aprendizaxe avaliábeis os que, ao poñerse en relación coas competencias clave, permitirán graduar o rendemento ou desempeño alcanzado en cada unha delas.

5.3 Decisións en torno aos contidos

Os contidos dos cursos da ESO quedan establecidos polo Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro e polo Decreto 86/2015 do 25 de xuño.

Ademais dos contidos a adquirir hai que sinalar que o alumnado deberá realizar diferentes procesos transversais tales como traballos, investigacións, exposicións, realización de exames e uso de distintas técnicas de traballo, que cada departamento especificará na súa programación.

5.4 Decisións en torno a metodoloxía

NORMATIVA: Principios metodolóxicos, Decreto 86/2015 do 25 de xuño. Artigo 11. Punto 4..

Partindo de que o obxectivo da metodoloxía debe ser mellorar a práctica docente, independentemente de traballar con alumnado con ou sen necesidades educativas de apoio, é importante diagnosticar ben o contexto de traballo e tomar constantes decisións que vaian xurdindo axeitadamente ao quefacer educativo.

A proposta metodolóxica xeral para este centro educativo debería ter en conta os seguintes principios:

- Partir dos coñecementos previos dos alumnos, co fin de adquirir unha aprendizaxe significativa e adaptada as necesidades do momento (significatividade lóxica e psicolóxica). Para

iso, é fundamental a realización dunha avaliación inicial do grupo, que deberá realizarse no primeiro mes de clase e terá en conta os obxectivos traballados no curso/etapa anterior.

Esta avaliación deberá ser deseñada e consensuada por todos os membros dos departamentos didácticos.

- Organizar e priorizar, dende os distintos departamentos didácticos, os obxectivos e contidos mínimos e máis funcionais, de xeito interdisciplinar e globalizador e, polo tanto, integrador, favorecendo a xeneralización das aprendizaxes.
- Deseñar unha normas metodolóxicas comúns para todos os departamentos e materias curriculares, co fin de traballar todos nunha mesma liña educativa que favoreza o traballo do alumnado, como pode ser:
 - Facer cumprir as datas de entrega de traballos
 - Ter unhas normas comúns á hora de presentar traballos e cadernos, facer exames, etc., onde se valore a súa presentación, as normas ortográficas, a orde adecuada das ideas, etc.
- Favorecer a aprendizaxe construtivista, o razoamento e a reflexividade nas distintas áreas, en contra dunha aprendizaxe memorística e repetitiva.
- Favorecer a utilización por parte do alumnado das Técnicas de Traballo Intelectual (realización de esquemas, resumos, estudo construtivo e razoado non memorístico).
- Favorecer nas clases as relacións e as situacións comunicativas a través de procesos participativos e cooperativos, onde participen todos os alumnos dentro das súas capacidades e posibilidades.
- Utilizar diferentes tipos de actividades formativas na aula: explicación da materia por parte do docente, actividades por descubrimento, actividades grupais e individuais, actividades que fomenten paulatinamente o traballo autónomo do alumado, proxectos de traballo, actividades no que o profesorado actúe como mediador do proceso de aprendizaxe, actividades que favorezan a aprendizaxe por imitación de modelos adecuados, etc.
- Ter en conta as diferenzas entre o alumnado, deseñando as medidas de atención a diversidade que se van a utilizar en cada caso, favorecendo unha aprendizaxe que parte das potencialidades dos alumnos e non unicamente das súas dificultades.
- Promover metodoloxías baseadas na aprendizaxe por proxectos e na ApS.

5.4.1 ESTRATEXIAS PARA O ALUMNADO CON NEAE

O alumnado con Necesidades Educativas Especiais e Apoio Educativo (NEAE) precisa unha maior atención polo que se fai necesario ter en conta as seguintes cuestións metodolóxicas:

- No deseño das actividades formativas debemos ter en conta os intereses do alumnado e os seus coñecementos previos, para iso será necesario partir dunha avaliación inicial en cada unha das materias.

- Adecuar as actividades ó estilo e ritmo de aprendizaxe do alumno/a.
- Elaborar unha secuencia de contidos cunha progresión lenta e moi graduada segundo corresponda ao seu estilo de aprendizaxe e a súa progresión. Darase prioridade á comprensión e posterior utilización dos contidos que se traballen, fronte ao aprendizaxe mecánico.
- Buscar sempre a integración e o equilibrio: os contidos a traballar deben cubrir todas as capacidades básicas que aparecen nos distintos obxectivos e criterios de avaliación. Así mesmo, buscarase harmonía e equilibrio no tratamento dos conceptos, procedementos e actitudes.
- As actividades organizaranse de xeito interdisciplinar, o que supón que os contidos aprendidos nas distintas áreas sirvan para avanzar nas outras, utilizando materiais que reforzan as aprendizaxes básicas e enlacen cos coñecementos adquiridos co fin de reforzalos.
- Favorecer a participación do alumnado nas actividades do grupo, como unha forma de aprendizaxe cooperativo, de integración no grupo-clase e de valorar as súas potencialidades.
- Facilitar a aceptación por parte do alumnado das súas dificultades, co fin de buscar outros camiños para a aprendizaxe e o seu progreso formativo e psicosocial, favorecendo desta forma a análise das súas potencialidades e a adecuada utilización das mesmas.
- Favorecer, pouco a pouco, a autonomía persoal (escolar e social) do alumnado.
- Utilizar diferentes tipos de materiais curriculares adecuados ás necesidades educativas de cada un (fichas autocorrectivas, libros de texto e lectura diferente aos dos seus compañeiros, materias de reforzo, etc.).
- Favorecer, sobre todo, a aprendizaxe dos contidos e estándares de aprendizaxe das distintas áreas e, a partir diso, ir aumentando a súa dificultade e a adquisición doutros obxectivos.
- Ter en conta as súas características físicas e mentais á hora de deseñar os materiais de traballo e os instrumentos de avaliación.

É fundamental con este alumnado que os procedementos de avaliación non estean centrados unicamente na cantidade de aprendizaxe adquirida, senón na calidade da mesma e nos avances acadados por cada alumno/a. Debemos ter en conta que a maneira de valorar os traballos, os tipos de retos e axudas que se propoñen, as manifestacións das expectativas depositadas neles, a maneira de distribuír e presentar os distintos materiais, etc. xogan un papel fundamental no proceso de ensino-aprendizaxe deste alumnado.

5.5 Decisións en torno aos elementos transversais

NORMATIVA: Elementos transversais. Decreto 86/2015 do 25 de xuño.. Artigo 4.

En Educación Secundaria Obligatoria, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en tódalas materias.

O centro fomentará o desenvolvemento dos valores que potencien a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, evitando os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.

Así mesmo, fomentárase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos e o rexeitamento á violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

O centro promoverá actividades relacionadas coa información sobre o desenvolvemento sustentable e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e a comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.

Igualmente, en cumprimento do previsto no Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, o currículo de Educación Secundaria Obligatoria incorpora elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor, á adquisición de competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresas e ao fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario, así como á ética empresarial.

No ámbito da educación e a seguridade viaria, o centro realizará accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que os alumnos coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios das vías, en calidade de peóns, viaxeiros e condutores de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e sinais, e favorézase a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas co fin de previr os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

5.6 Decisións sobre a avaliación, promoción e titulación

NORMATIVA: Decreto 86/2015 do 25 de xuño - : Capítulo IV. Artigo 21.2

5.6.1 AVALIACIÓN

A avaliación aterase aos seguintes criterios xerais:

1. Avaliarase o rendemento global incluíndo, ademais dos coñecementos específicos de cada materia, a asistencia ás clases, a atención e disposición para seguir as indicacións do do-

- cente, a participación activa na clase e a elaboración das tarefas encomendadas sobre as materias do curso.
2. A avaliación será continua, é dicir, elaborárase ao longo de todo o curso e coas valoracións que o profesorado reúna do rendemento a través de todos os datos observables, tales como preguntas na clase, exercicios e traballos, cadernos, resumos, técnicas de traballo propias de cada materia, comentarios de libros, etc. e, por suposto, controis e exames presenciais.
 3. Para obter unha valoración positiva ao final do curso é necesario que, ademais de asistir a clase e realizado as tarefas encomendadas, o estudante progresase con respecto ao nivel inicial e, sobre todo, é imprescindible que adquirise os coñecementos e que sexa capaz de expoñelos, polo menos, nos niveis mínimos esixidos en cada nivel, mediante as probas que se realicen ao longo do curso.
 4. O alumnado avaliado negativamente en xuño, tanto na materia do curso como nas pendentes de cursos anteriores, poderán superar a ou as materias nas probas extraordinarias de setembro.
 5. En caso de ausencia ou baixa do docente titular e ante a imposibilidade de comunicarse con el, será o departamento quen asuma a valoración do proceso de aprendizaxe do alumnado.

5.6.1.1 Tipo de avaliación

A avaliación, entendida como parte integrante do proceso de educación, orienta de forma permanente os procesos de ensino e aprendizaxe, polo que contribúe á mellora do rendemento de ambos. Cremos que esta avaliación debe ser procesual xa que debe avaliar todo o proceso de ensino aprendizaxe e non só os resultados finais do alumnado.

Levarase a cabo unha avaliación inicial, de diagnóstico que nos axudará a coñecer o perfil da clase e as características dominantes do alumnado. Esta proba permitiranos coñecer o nivel aproximado dos alumnos nos aspectos máis xerais e nos específicos de cada materia.

Detectarase a diversidade que houber e adoptaranse, se é necesario, medidas de atención persoal, ou de adaptación curricular. Para levar a cabo esta avaliación inicial, cada departamento determinará o tipo de proba ou actividade que se utilizará. Durante o curso, a avaliación será formativa e permitirá ao alumno ser consciente da súa aprendizaxe, medir os seus progresos e detectar as súas limitacións e habilidades. Para levar a cabo esta avaliación, cada departamento preparará probas escritas, diferentes tipos de traballos, actividades, exercicios, etc.

5.6.1.2 Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis. Os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis de cada materia

serán redactados polos departamentos, utilizando unha linguaxe intelixible, serán concretos e delimitarán o nivel mínimo necesario para aprobar.

5.6.1.3 Procedementos de avaliación

Os procedementos de avaliación serán establecidos por cada departamento:

- Controis ou exames presenciais que se realizaron durante o curso. Estes controis estarán formados tanto por probas obxectivas (asociación de conceptos, definicións, localización espacial, comprobación de comprensión e razoamento de textos correspondentes a libros de lectura, etc.) nos que se valorará a memorización de terminoloxía e de información relevante, como por probas abertas (desenvolvemento de temas de forma razoada) que medirán a capacidade do alumno para organizar a información que lembre e para expoñela de forma ordenada e clara. Cando un alumno falte a un exame por causas xustificadas, o docente procederá a realizar esa proba antes da finalización do trimestre. A data da proba será comunicada ao alumno previamente.
- Exercicios e traballos, realizados en clase ou en casa. Estes exercicios considéranse sempre como un complemento da explicación e unha axuda ao estudo e á comprensión das materias, polo que a súa valoración terá en conta a previa asimilación dos coñecementos e a capacidade de relación deses coñecementos coas estratexias expostas nos exercicios.
- As actividades complementarias e extraescolares propostas, cuxos obxectivos e valoración expoñeranse no momento de establecer as formas e condicións da súa realización.
- A actitude e participación do alumno na clase, que serán valoradas polo profesorado a través da observación diaria na aula. Cando un alumno/a falte de forma inxustificada e o número de faltas faga imposible a aplicación dos criterios de avaliación ou a súa avaliación continua, os Departamentos establecerán un proceso extraordinario de avaliación que se reflectirá na programación de cada materia e que poderá consistir na aplicación conxunta ou individual dos seguintes sistemas:
 - Con probas parciais trimestrais incluída a terceira avaliación.
 - Cunha proba final global do nivel.

5.6.1.4 Instrumentos de rexistro de avaliación

O instrumento de rexistro de avaliación poderá ser o caderno facilitado polo centro ou calquera outro tipo de rexistro que permita reflectir as cualificacións do alumno e a súa asistencia a clase. No devandito caderno figurarán os diferentes criterios de avaliación e a forma en como se obtiveron os datos desta avaliación.

5.6.1.5 Criterios de cualificación

Os departamentos, ao establecer os criterios de cualificación, asignarán a cada estándar un valor porcentual fixando o grao de consecución necesario.

5.6.1.6 Evaluación e materias pendentes

O alumnado avaliado negativamente en xuño, tanto na materia do curso como nas pendentes de cursos anteriores, poderá superar a ou as materias nas probas extraordinarias de setembro.

Materias do curso

O alumnado con materias suspensas ao longo do curso poderán superalas coa aplicación conxunta ou individual dos seguintes sistemas:

- a) Con recuperacións parciais tras as avaliacións trimestrais incluída a terceira avaliación.
- b) Cunha proba final global do nivel.

Cada departamento fixará na súa programación que sistema adopta para a recuperación das materias do curso.

Materias pendentes

Os departamentos, de acordo coa Xefatura de Estudos e en función da dispoñibilidade de profesorado, poderán programar clases semanais de repaso para estes alumnos e alumnas.

Os alumnos con materias pendentes de cursos anteriores poderán superar estas materias das seguintes formas:

- a) Se non se programaron clases de repaso ou actividades de reforzo, os alumnos realizarán polo menos dúas probas parciais ou completas durante o curso.
- b) Se existen clases de repaso ou actividades de reforzo,
 - 1) O alumnado que asista a elas realizará como mínimo unha proba final, a cuxa valoración se unirá a da realización de exercicios e tarefas encomendadas, e a que o profesor faga da súa asistencia, actitude e participación na clase.
 - 2) Nas materias nas que fose posible superar a materia a través da realización de exercicios e tarefas encomendadas, a proba final só será necesaria para aqueles estudantes que non a superaran a través dos exercicios.

Para facilitar ao alumnado a recuperación das materias pendentes o centro elaborará un dossier por niveis onde se informará sobre as probas de recuperación, datas, contidos e criterios de cualificación. Este dossier facilitarase aos titores e será exposto na páxina web.

5.6.2 CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Os criterios de promoción da ESO veñen marcados polos Decretos que regulan o currículo de ESO e de bacharelato Decreto 86 /2015, do 29 de Xuño do 2015).

CURSO	CIRCUNSTANCIAS	POSIBILIDADES PARA O CURSO SEGUINTE
1º ESO	1º con 0, 1, 2 (ver nº 6) e 3 suspensos (ver nº 7)	Promoción a 2º
	1º con 3 ou máis suspensos	Repetición de 1º Incorporación a 2º PMAR (se repetiu en primaria)
	1º con 3 ou máis suspensos repetindo anteriormente en 1º eso	Promoción a 2º con pendentes Incorporación a 2º PMAR
2º ESO	2º con 0, 1, 2 (ver nº 6) e 3 suspensos (ver nº 7)	Promoción a 3º
	2º con 3 ou máis suspensos	Repetición de 2º
	2º con 3 ou máis suspensos repetindo anteriormente	Promoción a 3º con pendentes Incorporación a 3º PMAR
		Incorporación a un Programa de Formación Profesional Básica

CURSO	CIRCUNSTANCIAS	POSIBILIDADES PARA O CURSO SEGUINTE
3º ESO	3º con 0, 1, 2 (ver nº 6) e 3 suspensos (ver nº 7)	Promoción a 4º
	3º con 3 o máis suspensos	Repetición de 3º
	3º con 3 o máis suspensos repetindo anteriormente	Promoción a 4º con pendentes, se xa repetiu 3º Incorporación a un Programa de Formación Profesional Básica
4º ESO	4º con 0 suspensos	Avaliación final de ESO
	4º con 1, 2 suspensos (ver nº 8)	Avaliación final de ESO
	4º con 1,2, 3 o máis suspensos	Repetición de 4º, sempre que non repetise xa dúas veces na etapa, aúñ con 18 anos.
		Segunda repetición de 4º si o/a alumno/a xa repetiu 4º e non repetiu antes na etapa
		Incorporación a un Programa de Formación Profesional Básica
	Certificación académica	

1. A efectos do cómputo de materias, contabilizarase como unha materia non aprobada calquera materia de calquera curso da etapa que o alumno teña pendente de superación.
2. Os alumnos poden permanecer escolarizados nesta etapa ata os dezoito anos.

3. A Educación Secundaria Obrigatoria comprende catro cursos académicos. Cursaranse ordinariamente entre os doce e os dezaseis anos de idade. Os alumnos poderán acceder ao primeiro curso no ano natural no que cumpran doce anos. Con carácter xeral,
4. O alumno poderá repetir o mesmo curso unha soa vez e dúas veces como máximo dentro da etapa. Excepcionalmente, un alumno poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu nos cursos anteriores. Cando a segunda repetición na etapa deba producirse en 3º ou 4º curso, terá dereito a permanecer en réxime ordinario cursando o ensino básico ata os dezanove anos de idade, cumpridos no ano en que finalice o curso. Excepcionalmente poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.
5. A incorporación ao programa de mellora do aproveitamento e do rendemento ou a un programa de formación profesional básica require ademais que o alumno reúna os requisitos establecidos nas normas que os regulan.
6. A promoción excepcional con dúas materias suspensas que sexan lingua e matemáticas deberá ser aprobada polo equipo docente.
7. A promoción con tres materias suspensas esixe que entre as tres materias non se conten simultaneamente lingua castelá e literatura e matemáticas ou lingua galega e literatura e matemáticas e que o equipo docente o aprobe.
8. Para poder presentarse á avaliación final de 4º eso con dous suspensos esíxese que entre as materias non se conten simultaneamente lingua castelá e literatura e matemáticas

5.6.2.1 Criterios de promoción con materias suspensas en ESO

O Decreto 86 /2015, do 29 de Xuño do 2015, que regula a promoción na Educación Secundaria Obrigatoria establece no Capítulo IV, artigo 23 que de forma excepcional, poderá autorizarse a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

- a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.
- c) Que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refire o apartado 7 deste artigo.

Poderá tamén autorizarse de xeito excepcional a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, cando o equipo docente considere que o alumno ou a alumna poden seguir con éxito o curso seguinte, que teñen expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, e sempre que se lle

apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refire o apartado 7 deste artigo.

So se aplicará tal situación excepcional se o/a estudante cumpre ademáis os seguintes requisitos:

- Presentarse aos exames de setembro en todas as materias suspensas, salvo que existise un impedimento de forza maior para iso.
- Que a nota media das materias suspensas non sexa inferior a 3.

5.6.2.2 criterios de promoción para PMAR

A avaliación do alumnado nos ámbitos que conforman o PMAR terá como referente fundamental as competencias e os obxectivos da ESO, así como os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis.

Esta avaliación será continua e diferenciada, segundo os ámbitos do programa e as materias

O alumnado do PMAR será avaliado polo profesorado que imparte cada un dos ámbitos e materias, baixo a coordinación do profesorado titor do programa e do profesorado titor do grupo de referencia. As cualificacións dos ámbitos realizaranse nos mesmos termos que as materias.

O alumnado que acceda a un PMAR con materias pendentes de cursos anteriores realizará as actividades de reforzo e de apoio que lle permitan recuperalas ao longo do desenvolvemento do programa, e a avaliación será competencia do profesorado que o imparta, coa colaboración dos departamentos implicados.

O alumnado que curse o PMAR promocionará ao 4º curso se supera todos os ámbitos e materias que integran o programa. Non obstante, poderá promocionar o alumnado que, tendo superados os ámbitos lingüístico e social e científico e matemático, teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, e de maneira excepcional en tres, sempre que o equipo docente considere que o alumno ou alumna pode seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa. Para estes efectos, o ámbito de linguas estranxeiras terá a consideración dunha materia.

Para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas, o alumnado que promocione a 4º curso con materias ou co ámbito de linguas estranxeiras do programa pendentes, deberá seguir un programa de reforzo adaptado ás súas características e necesidades.

5.6.2.3 Avaliación final de ESO

NORMATIVA: Decreto 86/2015 do 25 de xuño. Capítulo IV. Artigo 22.

Ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado, Social e Político pola Educación, a avaliación final de ESO consistirá nunha proba sin efectos académicos e de carácter muestral e terá unha finalidade diagnóstica. Avaliarase o grao de adquisición da competencia matemática, a competencia lingüística e a competencia social e cívica, tendo como referencia principal as materias xerais do bloque das asignaturas troncais cursadas en 4º de ESO.

5.6.2.4 Titulación

NORMATIVA: Artigo 2. Titulación de graduado en ESO. Real Decreto 562/2017 do 5 de xuño

Este R.D ten por obxectivo determinar ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado social e político pola educación, as condicións para a obtención dos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bachareato de acordo co disposto no Real Decreto-lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

1. Os alumnos e alumnas que obtivesen unha avaliación, ben positiva en todas as materias, ou ben negativa nun máximo de dous, sempre que estas non sexan de forma simultánea Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas, obterán o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. A estes efectos:
 - a) A materia Lingua e Literatura Galega terá a mesma consideración que a materia Lingua Castelá e Literatura.
 - b) As materias coa mesma denominación en diferentes cursos de Educación Secundaria Obrigatoria consideraranse como materias distintas.
 - c) Sen prexuízo do anterior, para obter o título será preciso que o equipo docente considere que o alumno ou alumna alcanzou os obxectivos da etapa e adquiriu as competencias correspondentes.
2. No título deberá constar a cualificación final de Educación Secundaria Obrigatoria. A cualificación final da etapa será a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas en Educación Secundaria Obrigatoria, expresada nunha escala de 1 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.
3. No caso do alumnado que, ben por incorporarse de forma tardía, ben por realizar parte dos seus estudos nalgún sistema educativo estranxeiro, non cursase no sistema educativo español a Educación Secundaria Obrigatoria na súa totalidade, o cálculo da cualificación final da etapa farase tendo en conta unicamente as cualificacións obtidas no sistema educativo español, sen prexuízo do establecido respecto diso en acordos ou convenios internacionais.
4. No caso do alumnado que finalice a etapa despois de cursar un programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento, o cálculo da cualificación final farase sen ter en conta as cualificacións obtidas en materias que non superase antes da data da súa incorporación ao programa, cando ditas materias estivesen incluídas nalgún dos ámbitos previstos no artigo 19.3 do Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, e o alumno ou alumna superase devandito ámbito. Os resultados reflectiranse no consello orientador, expresándose nos termos de: Insuficiente, Suficiente, Ben, Notable e Sobresaliente.
5. Así mesmo, os alumnos e alumnas que obteñan un título de Formación Profesional Básica poderán obter o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, sempre que, na avaliación final do ciclo formativo, o equipo docente considere que alcanzaron os obxecti-

vos da Educación Secundaria Obrigatoria e adquirido as competencias correspondentes. Nestes casos, a cualificación final de Educación Secundaria Obrigatoria será a cualificación media obtida nos módulos asociados aos bloques comúns previstos no artigo 42.4 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio.

6. No caso de que se obteña o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria pola superación da proba para persoas maiores de dezaioito anos, a cualificación final de Educación Secundaria Obrigatoria será a obtida na devandita proba.
7. Os títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria expedidos conforme ao disposto no presente artigo permitirán acceder indistintamente a calquera dos ensinamentos post-obligatorios recollidos no artigo 3.4 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio.

5.6.2.5 Información da Avaliación

1. Ao comezo de cada curso, os departamentos didácticos, a través do profesorado, informarán a cada grupo de alumnas e alumnos, dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación exhibibles para obter unha valoración positiva das distintas materias, así como dos criterios de cualificación, os instrumentos de avaliación da aprendizaxe que se utilizarán, incluídas as materias pendentes de cursos anteriores, así como das medidas de reforzo e recuperación previstas. Así mesmo, a persoa titora de cada grupo informará ao seu alumnado dos requisitos que determinarán a promoción ao curso seguinte e, no caso do cuarto curso, a titulación.
2. Finalizada cada unha das sesións de avaliación, o alumnado e as nais e pais ou persoas titoras legais serán informados dos seus resultados, da evolución académica así como das decisións adoptadas para o reforzo e/ou recuperación, se fose o caso.
3. Será competencia da persoa titora proporcionar esta información, coa colaboración do profesorado que imparta docencia no seu grupo, así como a de establecer canles de comunicación coas familias do alumnado.
4. Ó final de cada un dos cursos de Educación Secundaria Obrigatoria entregarase aos pais, nais ou titores legais de cada alumno ou alumna un consello orientador, que incluírá un informe sobre o grado de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes, así como unha proposta a pais, nais ou titores legais ou, de ser o caso ó alumno ou alumna, do itinerario máis adecuado a seguir, que poderá incluír a incorporación a un programa de mellora do aprendizaxe e o rendemento ou a un ciclo de Formación Profesional Básica. O consello orientador incluírase no expediente do alumno ou da alumna.
5. Os alumnos e as alumnas que cursen a Educación Secundaria Obrigatoria e non obteñan o título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria recibirán unha certificación con carácter oficial e validez en toda España. Esta certificación será emitida polo centro docente no que o alumno ou a alumna estivese matriculado/a no último curso escolar e nela consignaranse os seguintes elementos:
 - a) Datos oficiais identificativos do centro docente.

- b) Nome e documento acreditativo da identidade do/da estudante.
- c) Data de comezo e finalización da súa escolaridade.
- d) As materias ou os ámbitos cursados, coas cualificacións obtidas nos anos que permaneceu escolarizado/a na Educación Secundaria Obrigatoria.
- e) Informe da xunta de avaliación do último curso escolar no que estivese matriculado/a, no que se indique o grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes, así como a formación complementaria que debería cursar para obter o título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

Para estes efectos, a consellería con competencias en materia de educación porá á disposición dos centros docentes os instrumentos necesarios para realizar este informe.

A Administración educativa determinará, en función do contido das letras d) e e), as partes que se consideran superadas das probas que organice para o acceso aos ciclos formativos de grado medio ou, nos termos previstos no artigo 68.2 da Lei orgánica 2/200, do 3 de maio, para a obtención do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

- 6. Tras cursar o primeiro ciclo de Educación Secundaria Obrigatoria, así como unha vez cursado segundo curso cando o alumno ou alumna se vaia a incorporar de forma excepcional a un ciclo de Formación Profesional Básica, entregaráselles ós alumnos e alumnas un certificado de estudos cursados, co contido indicado nas letras a) a d) do apartado anterior, e un informe sobre o grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes.
- 7. Os alumnos e alumnas poderán estar exentos de realizar a avaliación da materia Lingua Cooficial e Literatura segundo a normativa autonómica correspondente (Orde de 10 de febreiro de 2014).

5.7 Medidas xerais de atención á diversidade

NORMATIVA:

- Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio. Artigo 121.2.
- Real Decreto 1105/2014 do 26 de decembro. Artigo 16.2.
- Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Circular 8/2009 pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de ESO.

As medidas de atención á diversidade estarán orientadas á consecución de dous obxectivos básicos:

- 1. Responder ás necesidades educativas concretas do alumnado.

2. Á consecución das competencias clave e dos obxectivos da etapa.

Será tarefa prioritaria da persoa titora e de todo o profesorado implicado a detección temperá das dificultades para, unha vez detectadas, tomar as decisións máis axeitadas para superalas.

As medidas de atención á diversidade en ningún caso suporán unha discriminación que lle impida ao alumnado acadar os obxectivos da etapa e a titulación correspondente.

5.7.1 MEDIDAS DE ATENCIÓN ESPECÍFICA

5.7.1.1 Reforzo educativo

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, ós agrupamentos de alumnado e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.

As medidas de reforzo educativo non suporán necesariamente medidas extraordinarias nin necesitarán de autorización para ser levadas a cabo, e realizaranse segundo se establece a continuación:

Estarán dirixidas a aqueles alumnos e alumnas que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo poden seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

Serán elaboradas polo docente que imparte a área ou materia na que o alumno necesita a medida de reforzo, co coñecemento do titor ou titora. Este comunicarallo ó equipo directivo e á familia do alumno ou alumna.

O seu desenvolvemento levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo docente do alumno que imparte a área ou materia, coa colaboración, se é o caso, doutros profesionais. Esta colaboración non poderá substituír en ningún caso a actuación habitual do docente.

As medidas de reforzo educativo reflectiranse no expediente académico do alumno como reforzo educativo. Faranse constar cun comentario no informe correspondente ás familias e non terán constancia no libro de escolaridade.

A constancia do reforzo educativo e a valoración da súa utilidade para o alumno obxecto de medidas de reforzo serán un requisito previo para a participación deste nun PMAR na Educación Secundaria Obrigatoria. Agrupamentos específicos en áreas troncais.

5.7.1.2 Agrupamentos específicos

Integran a alumnos que non poden seguir, por distintas causas, o ritmo do grupo ordinario debido a carencias básicas que impiden proseguir unha aprendizaxe significativa. Fórmanse grupos de reducido tamaño nalgúns áreas (lingua española, matemáticas, ciencias naturais, ciencias sociais), sen pasar en total o 40% do horario semanal. Se se produce unha recuperación notable, o alumno retorna ao grupo de referencia.

5.7.1.3 Alumnado procedente do estranxeiro

A resposta ás medidas de atención que requira un determinado alumno/a procedente do estranxeiro, está en relación coa súa casuística particular. En todo caso, as medidas previstas pola normativa vixente poden ser:

Medidas de tipo curricular

1. Segundo as competencias curriculares adquiridas, un determinado alumno/a pode requirir reforzo educativo do equipo docente en distintas áreas ou materias e colaboración directa do profesorado especialista de PT do centro.

Se o alumno/a coñecese alomenos unha das dúas linguas oficiais de Galicia, utilizaríase esta como vehículo de comunicación para a inmersión na outra lingua oficial.
2. Outra medida contemplada na normativa vixente fai referencia ás adaptacións curriculares. Esta medida extraordinaria adoptaría unha vez esgotadas as medidas ordinarias.
3. Esta medida fai referencia ás flexibilizacións de idade, segundo a cal o alumnado procedente do estranxeiro pode ser escolarizado nun nivel distinto ó que lle correspondería por idade.

Medidas organizativas

1. Os grupos de adquisición das linguas son agrupamentos flexibles de atención individualizada. Esta medida vai dirixida ó alumnado que descoñeza ámbalas linguas oficiais da nosa comunidade. Neste caso poden darse as seguintes situacións e respostas:
 - a) Con coñecementos de lingua estranxeira (inglés ou francés): a inmersión fariase a partir do inglés ou francés coa colaboración do profesorado. O profesorado que teña recoñecida calquera destas especialidades sería o máis axeitado para levar a cabo esta tarefa específica.
 - b) Sen coñecementos de lingua estranxeira (inglés ou francés): a inmersión requiriría un tratamento individualizado no que ademais da persoa titora e o equipo docente fariase necesaria a colaboración do especialista en PT.

Esta medida de actuación terá un tempo máximo de aplicación dun trimestre.

2. Os grupos de adaptación da competencia curricular son tamén agrupamentos flexibles que van dirixidos ó alumnado que presente un desfase curricular de dous ou máis cursos.

O alumnado deberá incorporarse plenamente ó seu grupo ordinario despois de que o equipo docente e a xunta de avaliación considere superadas as necesidades educativas do alumno/a debidas ó desfase curricular.

As medidas de tipo organizativo deben ser autorizadas pola delegación provincial, logo da solicitude da dirección do centro e o correspondente informe da inspección educativa. Para que un alumno/a poida pertencer a algún destes agrupamentos, é necesario que a súa familia sexa informada previamente.

5.7.1.4 Desdobres

De seren necesarios realizaranse nas materias de linguas e matemáticas, sempre que o número total de alumnado supere os 20 alumnos é haxa dispoñibilidade horaria do profesorado.

5.7.1.5 Exención lingua galega

NORMATIVA: Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010 do 20 de maio con relación á exención da materia de lingua galega.

O Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia, fai compatible o carácter obrigatorio do estudo da materia de lingua galega en tódolos niveis educativos non universitarios se se da a concorrencia dos seguintes requisitos:

- a) Que a xustificación da exención encontre fundamento nunha circunstancia obxectiva de incorporación "ex novo" ó sistema educativo de Galicia.
- b) Que o alumnado de nova incorporación proceda doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro.
- c) Que a incorporación "ex novo" ó sistema educativo de Galicia se produza no terceiro ciclo de Educación Primaria, ou na Educación Secundaria Obrigatoria ou no Bacharelato.

A exención do estudo da materia de lingua galega nos estudos non universitarios, non se pode entender a aqueles supostos nos que o alumnado que realizou estudos en Galicia curse fora da Comunidade Autónoma tres cursos completos ou menos e se reincorpore posteriormente ó sistema educativo galego, xa que nese caso a volta ó sistema educativo en Galicia non pode interpretarse como unha incorporación "ex novo", se non coma unha reincorporación para a que non está prevista a exención.

A orde do 10 de febreiro de 2014 desenvolve os distintos supostos excepcionais nos que o alumnado pode solicitar a exención da materia de lingua galega na ensinanza non universitaria e regula o procedemento e os prazos para solicitar a exención.

5.7.1.6 Exención Francés

NORMATIVA: Circular 8/2009 da Dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa

O alumnado dos cursos primeiro e segundo que presente claras dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular na área de lingua, así como na área de matemáticas poderá quedar exento de cursar a materia común de segunda lingua estranxeira.

A persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do Departamento de Orientación, realizará un informe no que fará explícito o motivo da medida adoptada.

A competencia da decisión recaerá na Dirección do centro, oídas as nais, os pais ou os titores legais do alumnado afectado pola medida.. O alumnado recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades.

O plan de reforzo deberá ser establecido polos departamentos das materias lingüísticas afectadas ou das materias nas que presente desfase curricular.

O reforzo afectará a secuencia e organización de contidos, secuencia e tipo de actividades, e ao agrupamento de alumnos; co obxectivo de que o alumno mellore na adquisición de competencias clave, principalmente a competencia en comunicación lingüística e competencia matemática.

O alumnado será valorado de xeito cualitativo no progreso nas actividades de reforzo que estea desenvolvendo, con esa finalidade potenciaráse a coordinación entre o profesorado da área e as persoas docente de Pedagogía Terapéutica e orientadora.

5.7.1.7 Enriquecemento do currículo

No caso de alumnado con altas capacidades pódese engadir ou cambiar a dificultade de algún dos contidos. Sería un axuste do programa ordinario, e dicir, adaptar o currículo ás súas necesidades concretas de aprendizaxe e desenvolvemento.

Como todas ás medidas de adaptación curricular, deben ser entendidas como un contínuum que vai desde ás medidas mais xerais nos documentos do centro, pasando polas adaptacións da aula ata chegar á adaptación curricular individualizada, que debe realizarse seguindo a normativa vixente.

Na elaboración de adaptacións curriculares individualizadas no caso de alumnado con sobredotación, o mais frecuente é o uso de dúas estratexias:

- a) Adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical: consisten en aumentar a cantidade de contidos.
- b) Adaptación curricular de enriquecemento horizontal: centrada na profundación dos contidos.

5.7.1.8 Adaptacións do currículo

Son modificacións dun ou de máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.

O referente de toda adaptación curricular serán os obxectivos xerais da etapa, concretados nas programacións didácticas de cada curso e materia.

Os obxectivos poderán pertencer, se é o caso, a outro ciclo ou etapa distinto do que curse o alumno obxecto de adaptación curricular.

Decidirase a conveniencia de elaborar unha adaptación curricular para un alumno determinado, unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa.

A elaboración e o desenvolvemento da adaptación curricular, agás casos excepcionais, levarase a cabo no contexto educativo ordinario.

As adaptacións curriculares precisarán a autorización da Inspección Educativa correspondente.

As condicións de realización serán as seguintes:

- a) Serán elementos do currículo susceptibles de modificación os obxectivos, que poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados, se é o caso; os contidos, que tamén poderán ser modificados, complementados e mesmo suprimidos; e os criterios de avaliación, que poderán ser adaptados, complementados, modificados e mesmo suprimidos.
- b) Estarán dirixidas a alumnos e alumnas que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera índole ou por posuír cualidades excepcionais, non poden seguir o proceso ordinario de ensino aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia.
- c) Seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor ou profesora que imparte a área ou materia ó alumno, coa colaboración do seminario ou departamento didáctico, co asesoramento d@ orientador@ do centro e do Equipo de Orientación Específico de A Coruña e, se é o caso, de calquera outro profesional que participe na atención ó devandito alumno.
- d) Terán unha duración mínima dun ciclo educativo, agás no 2º ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria no que poderán desenvolverse só nun curso.
- e) O seu desenvolvemento realizarase integrado, na medida do posible, nas accións educativas ordinarias do grupo de alumnos de referencia.
- f) No caso de alumnado con necesidades educativas especiais pódense realizar adaptacións do currículo que se aparten significativamente dos contidos e criterios de avaliación. Esta medida estará encamiñada ao logro das competencias clave e dos obxectivos xerais da etapa.

A finalidade é proporcionar unha atención o máis adecuada a cada caso.

5.7.1.9 Programas de mellora da aprendizaxe e o rendemento

NORMATIVA:

- Decreto 86/2015 do 25 de xuño. Capítulo VIII. Artigo 20.
- RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- RESOLUCIÓN do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento é unha medida extraordinaria de atención á diversidade e ten por finalidade facilitar que os alumnos/as alcancen as competencias do primeiro ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria, poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

- Estableceranse programas de un ano (para cursar 3º de ESO) ou de dous anos (para cursar 2º e 3º de ESO).
- Utilizarase unha metodoloxía específica a través da organización de contidos, actividades prácticas e, no seu caso, de materias diferentes ás establecidas con carácter xeral, organizadas en ámbitos.
- O PMAR concíbese dende un enfoque metodolóxico funcional, en que os contidos curriculares deben tratarse desde un punto de vista global, práctico, motivador e personalizado, priorizando as aprendizaxes que resulten necesarias para outras posteriores e que contribúan ao desenvolvemento das competencias clave e dos obxectivos xerais da etapa.
- Para a impartición dos ámbitos destes programas conformaranse grupos entre 5 e 10 alumnos como máximo.
- Cada grupo de alumnado que integre un PMAR contará cun titorando, que terá entre as súas funcións a orientación do alumnado do programa e a súa atención personalizada, a coordinación do equipo docente que imparte o programa, a relación coas familias e a coordinación co profesorado titor do grupo de referencia de cada estudante integrante do programa.
- O alumnado que sigan un PMAR terán un grupo ordinario de referencia co que cursarán as materias non pertencentes aos ámbitos.

5.8 Plans específicos para o alumnado repetidor

Remitimos ás programacións dos departamentos docentes que son os encargados de determinar segundo as características propias da materia e do alumnado, as diferentes formas de atender ao alumnado que permaneza un ano mais no mesmo curso.

5.9 Liñas xerais para a elaboración das programacións didácticas

NORMATIVA: Capítulo V. Resolución do 27 de xullo de 2015 do 29 de xullo para a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria nos centros docentes da Comunidade autónoma de Galicia

A dirección do centro recomenda que todos os departamentos didácticos do IES Fin do Camiño elaboren a programación didáctica, seguindo o formato proposto no curso 2015/16 polo servizo de inspección educativa, aprobado polo Claustro e que se facilitará en xefatura de estudos.

En todo caso as programacións didácticas incluírán en cada materia, polo menos, os seguintes elementos:

- a) Introducción e contextualización.
- b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
- c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.
- d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:
 - 1º Temporalización.
 - 2º Grao mínimo de consecución para superar a materia.
 - 3º Procedementos e instrumentos de avaliación.
- e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
- h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
- i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.
- k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
- l) Medidas de atención á diversidade.
- m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.
- n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.
- o) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Ademais das primordiais relacións que se establecen entre o alumnado e o profesorado, non hai que esquecer que o primeiro centro de ensinanza é a familia, polo que a relación coas familias adquire unha importancia crucial dentro do labor educativo. Por isto é necesario potenciar a colaboración con elas e dar a coñecer o centro utilizando diversos mecanismos, dende mostrar as instalacións nunha xornada de portas abertas, pasando por unha reunión a principio de curso dos titorres/as e da dirección coas familias ata a entrevista personalizada nos casos que o precisen. Así mesmo envíanse periodicamente ás familias as faltas de asistencia e puntualidade, ademais das actividades que se realicen nas que intervirán os seus fillos e fillas.

6 INTERRELACIÓN ENTRE SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Para amosar claramente as interrelacións que se establecen entre todos os sectores da nosa comunidade educativa, preséntanse un esquema resumo de todas elas.

	ALUMNADO	FAMILIAS	PROFESORADO	PAS
PAS	Servizos Xerais Consello Escolar	Servizos Xerais Consello Escolar	Servizos Xerais Consello Escolar	Servizos Xerais Consello Escolar Asemblea
PROFESORADO	Aulas Titorías Actividades Extraescolares Consello Escolar	Titorías Consello Escolar	Reunións equipos docentes CCP Claustro Consello Escolar	
FAMILIAS	Actividades Extraescolares Consello Escolar	Consello Escolar ANPA		
ALUMNADO	Xunta de Delegados Consello Escolar			

6.1 Coa ANPA

A representación das familias e órgano de especial transcendencia na vida do centro é a ANPA (Asociación de Nais e Pais de alumnos e alumnas), que conta con representación no Consello Escolar. Esta asociación participa activamente co instituto colaborando en distintas actividades. Conta cun espazo na páxina web do centro e cunha sala no instituto na que desenvolver as súas tarefas. Considérase neste proxecto a necesidade de manter distintas reunións ó longo do curso coa directiva da ANPA para informarlles e a súa vez facelos participes das diferentes tarefas educativas.

6.2 Co alumnado

Realizarase unha titoría individualizada para resolver os problemas, segundo as necesidades expostas. Todo isto reflectirase no informe de cada alumno/a. Tamén levaranse a cabo, dentro da acción tutorial de grupo, o desenvolvemento doutros aspectos educativos, especialmente técnicas de estudo e educación en valores. Educarase ao alumnado na participación nos asuntos comúns coidando os procesos de elección de Delegados e delegadas, elección de Representantes de Alumnado en Consello Escolar, creación e funcionamento das Xuntas de Delegados e delegadas, e calquera outra canle de participación que nos pareza oportuno.

7 COLABORACIÓN CON OTRAS INSTITUCIONES

Existe unha serie de relacións con diferentes institucións:

Coa ANPA: Creada no Curso 2015/2016 hai un contacto permanente á hora de organizar festivais e actividades para os alumnos, incluso en tempo de lecer.

Co Concello: Mantense unha colaboración coa administración local que se pretende no sucesivo mellorar, reforzar e ampliar co obxecto de satisfacer mutuos intereses, establecendo unha relación bilateral que permita beneficiar a todos os membros da comunidade educativa así como aos veciños do concello. Isto poderase levar a cabo directamente a través do representante que o concello ten no Consello Escolar.

Como exemplo de colaboración temos o préstamo das instalacións para o desenvolvemento actividades e colaboración continua nas distintas obras menores que afectan ao centro.

Así mesmo, fomentárase e continuaránse os contactos cos Servizos Sociais ao obxecto de facilitar a integración social e educativa dos membros que precisen asistencia de dito servizo.

Co Goberno Autonómico, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, da cal dependemos: obras, cursos, etc.

Coa Universidade: A través da colaboración de parte do claustro para o desenvolvemento do Practicum de Secundaria, e a través da colaboración en outros proxectos como poden ser as ApS.

Con empresas: visitas de interese curricular, algunhas delas relacionadas coa orientación profesional do alumnado.

Centros de primaria adscritos: Os centros de primaria adscritos son o CEIP Mar de Fóra, de Fisterra, e o CEIP Areouta, de Sardiñeiro. Os departamentos de Orientación dos centros están en contacto colaborando especialmente no tratamento do alumnado con necesidades educativas específicas.

Outros centros: Cando o noso alumnado remata a etapa da ESO, en xeral, cursan estudos de Bacharelato nos centros máis próximos a Fisterra, aos que que estamos adscritos dende este curso escolar 2016/2017 e cos que se coordinan actividades de Orientación académica e profesional.

- IES Agra de Raices, de Cee.
- I.E.S Fernando Blanco, de Cee.

Outras entidades:

Co Centro de Saúde do Concello: sobre todo co servizo de pediatría.

Con outras asociacións ecoloxistas, feministas.

Con outros centros de ensino cos que nos une algunha temática específica como a convivencia ou a defensa do medio.

Con sindicatos, recibindo visitas periódicas de carácter informativos das distintas organizacións.

8 MODIFICACIÓN E DIFUSIÓN DO PE

Este Proxecto Educativo entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación no consello escolar, quedando derogado o anterior.

O Proxecto Educativo debe ser revisado e avaliado para comprobar o grao de cumprimento dos obxectivos propostos e analizar o desenvolvemento das actividades programadas, así como para facer as modificacións pertinentes. A avaliación realizarase anualmente de forma paralela ao do Plan de Mellora e á elaboración da Memoria Anual.

Para ese seguimento utilizaranse dous recursos:

1. Informe do Equipo Directivo, cunha análise dos resultados obtidos nos diferentes ámbitos de actuación que expón o Proxecto Educativo e das dificultades atopadas para a súa realización. De aí derivaranse as posibles propostas de mellora. Devandito informe incluírase na Memoria de fin de curso e as propostas de mellora incluíranse na Programación Xeral Anual do curso seguinte.
2. Aplicación dun cuestionario aos diferentes estamentos da Comunidade Educativa, que englobará os ámbitos de actuación e pasarase a todo o profesorado, ao persoal non docente e a unha mostra representativa tanto do alumnado como das familias.

Cos datos obtidos elaborárase un documento que se dará a coñecer a todos os sectores da Comunidade Educativa, e que formará parte da Memoria.

O Proxecto Educativo do IES Fin do Camiño aparecerá na páxina web do centro para que poida ser accesible a calquera membro da súa comunidade escolar. Faráselle chegar unha copia ao Concello e outra á ANPA Fin do Camiño.

Na secretaría haberá tamén unha copia en formato papel, a cal non se poderá sacar do centro, a disposición de calquera persoa que solicite consultalo.

O equipo directivo encargárase de dar a máxima publicidade posible ao Proxecto Educativo entre o profesorado e demais membros da comunidade escolar e empregaranse as reunións docentes, as reunións con pais e nais, as titorías de alumnos, etc., para levar a cabo este cometido.

Poderá ser modificado por iniciativa de calquera membro da comunidade escolar que terá que levar a cabo a súa proposta a través do sector que o represente no consello escolar.

As modificacións incorporaranse como engadidos ao documento inicialmente aprobado, seguindo este procedemento:

O día, o Consello Escolar do IES Fin do Camiño acordou modificar o/s punto/s..... do Proxecto Educativo aprobado en data quedando a súa redacción como sigue:

.....

.....

.....

.....

.....

9 PLANS, PROXECTOS E OUTRA DOCUMENTACIÓN

No centro elabóranse os seguintes plans, proxectos e outra documentación:

- Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP)
- Plan de Acción Titorial (PAT)
- Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD)
- Plan de convivencia
- Proxecto lingüístico
- Proxecto lector
- Plan de integración das TIC/Proxecto de educación dixital
- Proxecto de promoción de estilos de vida saudables
- Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOFC)
- Proxecto económico
- Plan de autoprotección
- Actas
- Programación Xeral Anual (PXA)
- Memoria anual

Tendo en conta que non todos eles teñen o mesmo momento nin periodicidade de elaboración, revisión e/ou renovación, figuran como documentos adxuntos e non forman parte do corpo principal do Proxecto Educativo.